

CADERNOS DE  
FRASEOLOXÍA GALEGA

25





CADERNOS DE  
FRASEOLOXÍA GALEGA  
25



# XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia  
Secretaría Xeral da Lingua  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral da Lingua  
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ  
Coordinador científico do CIRP  
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ  
Director técnico de Lingüística  
VÍTOR MÍGUEZ REGO

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.  
Tfno. +34 881996152  
Enderezo electrónico [paremias@cirp.gal](mailto:paremias@cirp.gal)  
<http://www.cirp.gal>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades  
Santiago de Compostela, 2024

Autor: varios

Título: *Cadernos de Fraseoloxía Galega 25*

Periodicidade: anual

eISSN: 2605-4507 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

<https://doi.org/10.52740/cfg.23.25.00070>

Maquetación:  
Máis Deseño Silleda SL

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: ANVUR, ASCI, BASE, CARHUS, CIRBIRC, COPAC, DIALNET, DICE, DOAJ, DULCINEA, ERIH PLUS, EZB, I2OR, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, OCLC WORLDCAT, REBIUN, REDIB, RESH, SCILIT, SCOPUS, SHERPA/ROMEO e SUDOC-ABES. A versión en papel dos números 1 ao 17 poden lerse en todas as bibliotecas das universidades de España e Portugal e o seu ISSN é 1698-7861. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont).

Todos os números poden descargarse íntegros en formato PDF de <http://www.cirp.gal>, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS ([europhras.org/](http://europhras.org/)), o Instituto Cervantes (<http://www.lettrasgalegas.org/>) e diversos organismos universitarios (como Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de Copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas normas (páxs. 461-472).



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional. Esta licenza obriga a especificar a autoría e o nome da publicación en caso de copia, distribución ou comunicación pública e impide tanto o uso deste material para propósitos comerciais como a distribución de obras derivadas.

CADERNOS DE  
FRASEOLOXÍA GALEGA  
25

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: M<sup>a</sup> Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Secretaria: Alba Quinteiros Soliño (Universidade de Vigo)

## CONSELLO CIENTÍFICO

Luis Alfaro Echevarría (Universidad Central “Marta Abreu” de Las Villas, Cuba)  
Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña, España)  
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo, España)  
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca, España)  
Maria Conca i Martínez (Universitat de València, España)  
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Gloria Corpas Pastor (Univrsidad de Málaga, España)  
Stefan Ettinger (Universitert Augsburg, Alemaa)  
Andrea Expósito Loureiro (IES Pedro Floriani de Redondela, España)  
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Pieiro para a Investigación en Humanidades, España)  
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona, España)  
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo, España)  
Luis González García (Universidade da Coruña, España)  
Ángel Iglesias Ovejero (Université d’Orléans, Francia)  
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz, Austria)  
Marie-Évelyne Le Poder (Universidad de Granada, España)  
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Joan Martí i Castell (Institut d’Estudis Catalans, España)  
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Wolfgang Mieder (University of Vermont, Estados Unidos)  
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet, Rusia)  
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Hungría)  
Beatriz Pérez Traseira (IES Neira Vilas, España)  
Alba Quinteiros Soliño (Universidade de Vigo, España)  
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid, España)  
Monika Sułkowska (Uniwersytet Śląski , Polonia)  
Sara Villar Aira (Colexio Compañía de María, España)  
Gerd Wotjak (Universität Leipzig, Alemaa)  
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen, Alemaa)  
M.<sup>a</sup> Carmen Parra Simón (Universitat d’Alacant, España)  
Vanessa Fernández Pampín (IES de Valga, España)  
Carne López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)  
Ramón Anxo Martns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo, España)  
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Coordinadora: M<sup>a</sup> Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela, España)  
Secretaria: Alba Quinteiros Soliño (Universidade de Vigo, España)  
Vogal: Beatriz Pérez Mosquera (Centro Ramón Pieiro para a Investigación en Humanidades, España)  
Vogal: Andrea Ucha Bouzada (Centro Ramón Pieiro para a Investigación en Humanidades, España)

**Cadernos de fraseoloxía Galega**, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Ata o número 17, a súa versión en papel difundíase en Europa, América e África e recibíana todas as universidades de España e Portugal, mentres que a versión en liña se publicaba na web da revista [<http://www.cirp.gal/cfg>] seis meses despois de xeito gratuíto. Desde o número 18 está dispoñible unicamente en formato dixital. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, pois a revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal e, asemade, forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia (Santiago de Compostela). Ademais, recibe o xeneroso apoio dos máis de 230 fraseólogos e fraseólogas de 29 países que xa publicaron nela.

**Cadernos de fraseoloxía Galega**, revista internacional de investigación fraseolóxica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Hasta el número 17, su versión en papel se difundía en Europa, América y África y la recibían todas las universidades de España y Portugal, mientras que la versión online se publicaba en la web de la revista [<http://www.cirp.gal/cfg>] seis meses después de forma gratuita. Desde el número 18 está disponible únicamente en formato digital. Se admiten originales en ocho lenguas europeas, aunque la publicación final se hace solo en gallego, pues la revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal y, a su vez, forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de la Xunta de Galicia (Santiago de Compostela). Asimismo, recibe el generoso apoyo de los más de 230 fraseólogos y fraseólogas de 29 países que ya han publicado en ella.

**Cadernos de fraseoloxía Galega** is an international journal of phraseological research. Its aim is to study phraseology and paremiology in any language and with any approach (i.e.: structural, phraseographical, translational, comparative or didactic). Until issue 17, printed copies were distributed across Europe, America and Africa, and all the Spanish and Portuguese universities received them, too. Six months after having released the hardcopies, the online version was made available for free at the website [<http://www.cirp.gal/cfg>]. From issue 18 onwards, the journal is just published on line. Contributions are accepted in eight European languages, despite the final version being only in Galician. This is due to the journal's aim to promote the compilation and study of phraseology in Galicia (Spain), and also because the journal belongs to the project of linguistic ecology developed by Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia; Santiago de Compostela, Spain). Moreover, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* is kindly supported by more than 230 phraseologists from 29 countries that have already contributed to it with their invaluable research.

**Cadernos de fraseoloxía Galega**, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative ou didactique. Jusqu'au numéro 17, elle était diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique, et envoyée à toutes les universités d'Espagne et du Portugal; six mois après la parution de ses numéros, elle était en accès libre sur le lien [<http://www.cirp.gal/cfg>]. À partir du numéro 18, elle n'est publiée qu'en ligne. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 230 phraséologues de 29 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

**Cadernos de fraseoloxía Galega** ist eine internationale Zeitschrift, die sich mit der Phraseologie und Parömiologie aller Sprachen der Welt aus verschiedenen Perspektiven wie Lexikografie, Translatologie, Komparatistik und Didaktik beschäftigt. Die Zeitschrift ist in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und wurde bis vor Kurzem an alle spanischen und portugiesischen Universitäten per Post geliefert. Zur Zeit ist die Zeitschrift *Cadernos de Fraseoloxía* – seit der Nummer 18 – nur über das Internet unter <<http://www.cirp.gal/cfg>> zugänglich. Für die Publikation werden ausschließlich Originalbeiträge in einer der acht europäischen Großsprachen angenommen. Veröffentlicht werden die Arbeiten jedoch nur auf Galicisch, denn ein Hauptziel der Zeitschrift besteht darin, das Galicische als Forschungssprache zu fördern bzw. die galicische Phraseologie und Parömiologie auf internationaler Ebene bekannt zu geben. Die Zeitschrift wird vom Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mit Sitz in Santiago de Compostela unterstützt und bis dato haben 230 Phraseologen aus 29 verschiedenen Ländern darin mitgewirkt.

**Cadernos de fraseoloxía Galega** («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремииологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке. Номер 17 есть во всех университетах Испании и Португалии. Спустя шесть месяцев после выхода, данный выпуск был выложен в свободный доступ. Начиная с 18-го номера, журнал издается исключительно в электронном виде [[http://www.cirp.es/pls/bdov/inv.cfg\\_ini](http://www.cirp.es/pls/bdov/inv.cfg_ini)]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 230 фразеологов из 29 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.



# Índice

<b>ESTUDOS / PAPERS</b> .....	21
DINČĂ, Daniela: <i>A fraseoloxía romanesa: unha ollada á terminoloxía / Romanian Phraseology: An Overview Of Terminology</i> .....	23
LEI, Chunyi: <i>Metalinguaxe da fraseoloxía chinesa / Metalanguage of Chinese Phraseology</i> .....	37
LUNTADILA NLANDU, Inocente: <i>Fraseoloxía kôngò (H16): descrición das principais expresións idiomáticas / Kôngò Phraseology (H16): Description of the Main Idiomatic Expressions</i> .....	53
LUNTADILA NLANDU, Inocente: <i>Proposta descritiva dos principais pragmatemas empregados en kíkôngò (H16) / Descriptive Draft of the Main Pragmemes Used in Kikongo (H16)</i> .....	71
MARTÍNEZ VICENTE, Alejandro e LONČAR, Ivana: <i>Metafraseoloxía no ámbito croata / Metaphraseology in Croatian</i> .....	89
MARTÍNEZ VICENTE, Alejandro e LONČAR, Ivana: <i>Os termos da fraseoloxía en galego / The Terms of Phraseology in Galician</i> .....	109
SANZ VILLAR, Zuriñe: <i>A metalinguaxe da fraseoloxía vasca en coleccións e dicionarios / The Metalanguage of Basque Phraseology in Collections and Dictionaries</i> .....	131
TRIVIĆ, Aneta e PEJOVIĆ, Anđelka: <i>Fraseoloxía serbia: consolidación da disciplina e cuestións terminolóxicas / Serbian Phraseology: Consolidation of the Discipline and Terminological Issues</i> .....	155
<b>VARIA</b> .....	173
LIANG, Yu: <i>Análise das unidades fraseolóxicas de Fénix desde unha perspectiva intercultural entre a China e España / Analysis of the Phraseological Units of the Phoenix from an Intercultural Perspective Between China and Spain</i> .....	175
<b>RECADÁDIVAS / COMPILATIONS</b> .....	191
FREIRE ARMADA, Vanesa: <i>Quen a Cariño vai, con Cariño volve: escolma de unidades fraseolóxicas de Cariño e a súa contorna. / Quen a Cariño vai, con Cariño volve: Anthology of Phraseological Units Used in Cariño and its Surroundings</i> .....	193
MARTÍNS SEIXO, Ramón: <i>Dese pau teño eu unha gaita. A fraseoloxía na obra de Manuel Leiras Pulpeiro / Dese pau teño eu unha gaita. Phraseology in the Work of Manuel Leiras Pulpeiro</i> .....	227
<b>RECENSIÓNS / REVIEWS</b> .....	353
KOESTERS GENSINI, Sabine Elisabeth e BERARDINI, Andrea (2020): <i>Si dice in molti modi. Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino. Tomo I. Por / By Maria Carmela Zaccone</i> .....	355

KRZYŻANOWSKA, Anna; GROSSMANN, Francis e KWAPISZOSADNIK, Katarzyna (Eds.) (2021): <i>Les formules expressives de la conversation. Analyse contrastive. Français-polonais-italien.</i> Por / By <i>Angelo de Souza Sampaio</i> .....	363
PREMIER ENGLISH LEARNING PUBLISHING (2022): <i>English Idioms Vocabulary 2022. Complete Edition.</i> Por / By <i>Iván García Fuentes</i> .....	371
TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (Eds.) (2021): <i>Formulaic Language. Theories and Methods.</i> Por / By <i>Sandra Ruiz Morilla</i> .....	375
<b>NOVAS / NEWS</b> .....	381
1. Publicacións / <i>Publications</i> .....	383
1.1. Artigos, capítulos de libro e libros / <i>Papers, Book Chapters, Books</i> .....	383
1.2. Libros de actas / <i>Proceedings Books</i> .....	391
1.2.1. Actas do Colóquio Interdisciplinar de Tavira / <i>Proceedings of the Interdisciplinary Colloquium in Tavira</i> .....	391
1.2.1.1. Actas do 16.º Colóquio Interdisciplinar sobre Provérbios de Tavira / <i>Proceedings of the 16th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs in Tavira</i> .....	391
1.2.1.2. Actas do 15.º Colóquio Interdisciplinar de Tavira / <i>Proceedings of the 15th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs in Tavira</i> .....	397
1.3. Recensións / <i>Reviews</i> .....	403
1.3.1. Recensionantes / <i>Reviewers</i> .....	403
1.4. Traballos académicos / <i>Thesis and Dissertations</i> .....	404
1.4.1. Teses / <i>Doctoral Thesis</i> .....	404
1.4.2. Traballos de Fin de Mestrado / <i>Master's Thesis</i> .....	405
1.4.3. Traballos de Fin de Grao / <i>Final Degree Projects</i> .....	405
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / <i>Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences</i> .....	406
2.1. Congreso EUROPHRAS 2023, Università degli Studi di Milano / <i>EUROPHRAS Congress 2023, Università degli Studi di Milano</i> .....	406
2.2. 17º Colóquio Interdisciplinar sobre Provérbios en Tavira (Portugal), 2023 / <i>17th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs in Tavira (Portugal), 2023</i> .....	406
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2023 / <i>Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2023</i> .....	406
2.3.1. IX Congreso Internazionale di Fraseologia e Paremiologia. Varese .....	406
2.3.2. I Congreso Internazionale “Ricerche intorno alla fraseologia e paremiologia”. Reggio Calabria .....	407

3. Recursos / <i>Resources</i> .....	407
3.1. <i>Optimot</i> .....	407
4. Fraseografía espontánea / <i>Spontaneous Phraseography</i> .....	408
4.1. Divulgación de paremias en @paremias.gal .....	408
<b>BALANCE / OUTCOME</b> .....	409
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> .....	411
1.1. Índices alfabéticos de artigos / <i>Alphabetical Index of Papers</i> .....	411
1.2. Índice da sección de Recadávivas / <i>Index of the Compilations Section</i> .....	417
1.3. Índice alfabético de recensións / <i>Alphabetical Index of Reviews</i> .....	418
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / <i>Alphabetical Index of Reviews by Authors</i> .....	418
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / <i>Alphabetical Index of Reviews by Reviewers</i> .....	426
1.4. Índice da sección de Novas / <i>Index of the News Section</i> .....	432
1.5. Publicacións recibidas na redacción / <i>Publications Received in the Editorial Department</i> .....	437
2. Índice temático dos vinte e cinco números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Subject Index of the Twenty-five Issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> .....	438
2.1. Índice dos artigos / <i>Index of Papers</i> .....	438
2.2. Fraseoloxía bilingüe / <i>Bilingual Phraseology</i> .....	449
2.3. Función e índice da sección de Recadávivas / <i>Function and Index of the Compilations Section</i> .....	449
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Origin of the Authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> .....	454
<b>PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DE COLABORACIÓN / AUTHOR GUIDELINES</b> .....	461



## Presentación

**Cadernos de fraseoloxía Galega** estrea un novo número editado de maneira exclusiva en versión dixital, o 25, correspondente ao ano 2023. Este período de edición destacou, sen dúbida, polo logro dunha nova indexación, na prestixiosa base de datos Scopus. Trátase de todo un fito na vida desta revista especializada pois, con total certeza, suporá unha importante potenciación da súa visibilidade e internacionalidade.

Outra das novidades á que convén aludir é a actualización de diversos aspectos técnicos dos *CFG*: reestruturación de apartados, mudanzas nas normas de estilo, maior protocolización do proceso de edición... Dadas as implicacións que para el ten, recoméndaselle ao potencial persoal colaborador, en especial, que os consulte a través do sitio web <https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/>.

Máis unha vez, a convocatoria para o envío de contribucións —ou *call for papers*— para os *CFG* 25 difundíuse a nivel internacional e isto volveuse reflectir na variedade de linguas obxecto —chinés, español, euskera, galego, kíkôngò, romanés e serbocroata— e de nacionalidades dos traballos. Secasí, cómpre mencionar que o 25 dos *CFG* constitúe un volume monográfico conxugado no seo do preexistente proxecto METAFRAS, o cal se encontra ligado ao estudo da metalinguaxe propia do campo da fraseoloxía e que aspira a desembocar nun glosario multilingüe. Xa que logo, os máis dos ESTUDOS aquí compilados son autoría de parte do grupo de traballo do dito proxecto.

En total, nesa sección encóntranse nove artigos entre os cales se atopa o pertencente á subsección VARIA, conformada polo único de temática diverxente. Concretamente, a súa materia de estudo son as unidades fraseolóxicas (UF) de Fénix nas súas concepcións chinesa e española («Análise das unidades fraseolóxicas de *Fénix* desde unha perspectiva intercultural entre a China e España») e elaborouno Yu Liang (Universidad de Almería). Nel, conclúese que o concepto de *Fénix* comparte abondas similitudes entre ambas as culturas, en contraste co de *dragón*. Canto aos demais artigos, relacionados todos coa temática xeral desde número monográfico, o primeiro deles («A fraseoloxía romana: unha ollada á terminoloxía»), de Daniela Dincă (Universitatea din Craiova), discute desde o seo romanés a diverxencia tipolóxica en contraposición coa consistencia nas dimensións semántica e cognitiva. Faino, ademais, ao tempo que fornece unha análise diacrónica do estado da cuestión. Chunyi Lei (Universidad de Granada), por súa vez, analiza a metalinguaxe chinesa desde un prisma contrastivo, encarando o chinés mais o español («Metalinguaxe da fraseoloxía chinesa»). Mediante este

traballo, evidénciase a variación taxonómica da fraseoloxía xerada na China e dáse un paso adiante na simplificación do estudo comparativo entre os dous sistemas fraseolóxicos envoltos.

Posteriormente, Inocente Luntadila Nlandu (Universidade Agostinho Neto) contribúe con dous artigos: «Fraseoloxía kôngò (H16): descrición das principais expresións idiomáticas», o anterior, e «Proposta descritiva dos principais pragmatemas empregados en kíkôngò ‘H16’», o posterior. No primeiro deles, tírase a conclusión fundamental de que a fraseoloxía kôngò, efectivamente, existe e que resulta asaz complexa no atangue ao funcionamento e ás categorías ou UF. No artigo inmediato, o mesmo autor confirma a existencia de pragmatemas no kíkôngò e estúdaos en detalle, explicando a dificultade á hora de establecer tanto a súa estrutura como realización. Sucédennles os dous artigos de Alejandro Martínez Vicente (Sveučilište u Zadru) e Ivana Lončar (Sveučilište u Zadru). No primeiro, «Metafraseoloxía no ámbito croata», déixase constancia dos principais termos fraseolóxicos referidos ás disciplinas e ás unidades de estudo para, entón, establecer as súas equivalencias en galego e en español. A raíz da súa observación, sinálanse discrepancias entre os idiomas «debidas [por unha parte] ás distintas tradicións nas que se apoian os estudos fraseolóxicos, así como aos distintos camiños que toman as investigacións e, por outra, a diferenzas tipolóxicas entre as linguas románicas e eslavas que impiden a formación de certos compostos». O segundo céntrase nos conceptos da fraseoloxía en lingua galega («Os termos da fraseoloxía en galego»). O seu propósito consiste en congrega as solucións terminolóxicas producidas, ou adoptadas, ata o momento na nosa lingua para as subdisciplinas e unidades do referido campo científico, informar das que viñeron por medio de traducións —baleiros lingüísticos ou lagoas terminolóxicas— e sinalar os casos eventualmente «problemáticos» —dun único concepto unido a varios termos ou de termos proclives á confusión—. Como adealla, no xeito de anexo, fornécese un glosario dos termos todos.

A seguir, encádrase nos ESTUDOS o artigo de Zuriñe Sanz-Villar (Euskal Herriko Unibertsitatea) que leva como título «A metalinguaxe da fraseoloxía vasca en coleccións e dicionarios». A raíz de comparar os termos escollidos para as diferentes obras consultadas, Sanz-Villar detecta certa variación terminolóxica e chama a especial atención para a necesidade dunha maior harmonización conceptual. Finalmente preséntasenos o traballo de Aneta Trivić (Univerzitet u Beogradu) e de Anđelka Pejović (Univerzitet u Beogradu), «Fraseoloxía serbia: consolidación da disciplina e cuestións terminolóxicas», no que se fai un repaso histórico das investigacións fraseolóxicas en Serbia a fin de achegar, en última instancia, a que se podería considerar a bibliografía básica dentro da tal contorna

lingüística. Para alén diso, móstrase como se produciu un desprazamento nos temas centrais, daqueles de índole semántica, lexicolóxica e sintáctica para os de índole práctica e interdisciplinar. Tanto este coma o artigo de Alejandro Martínez Vicente e Ivana Lončar supoñen a adición do serbocroata ao historial de linguas obxecto de estudo dos *CFG*.

As contribucións académicas que ofrece a sección de *RECADÁDIVAS* posúen un carácter netamente acumulativo ou descritivo. Daquela, o primeiro dos dous que a compoñen neste volume atesoura, da man de Vanesa Freire Armada (Universidade de Vigo), 364 UF e 3 unidades monolexicais vencelladas ao concello de Cariño. A segunda recadádiva é da autoría de Ramón Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo) e destaca entre o total dos traballos pola súa minuciosidade. Así o require a natureza mesma do seu obxectivo: aglutinar as UF usadas por Manuel Leiras Pulpeiro na súa obra literaria, as que este mesmo recolleu nos traballos *Obra completa* (1970) e as que del se recollen en *Como falan os brañegos*, de Antonio Noriega Varela. En síntese, preséntase dúas coleccións fraseolóxicas asaz exhaustivas que xustifican o elevado volume de páxinas de *CFG* 25.

A sección seguinte, *RECENSIÓNS*, consta da revisión de catro obras recentes verbo de ramas ben diversas da fraseoloxía, como así o deixan entrever os seus títulos. A que se encontra en primeiro lugar foi escrita por Maria Carmela Zaccone (Università degli Studi di Torino) que expón o primeiro tomo de *Si dice in molti modi: Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino*, de Sabine E. Koesters Gensini e Andrea Berardini (Eds.). Segundo a investigadora italiana, unha das principais vantaxes desa publicación é que segue unha liña teórico-práctica que redundará nun público obxectivo moi abrangente. A continuación, Angelo de Souza Sampaio (Universidade Federal da Bahia) ocúpase de *Les formules expressives de la conversation. Analyse contrastive: français-polonais-italien*, de Anna Krzyżanowska, Francis Grossmann e Katarzyna Kwapisz-Osadnik, resaltando o seu posible proveito desde o punto de vista tradutolóxico, entre outros. En terceiro lugar, recensionan Iván García Fuentes (Universidade de Vigo) o compendio fraseolóxico *English Idioms Vocabulary 2022*, da editorial Premier English Learning Publishing, onde pon de manifesto a potencialidade didáctica deste tipo de unidades. Por último, Sandra Ruiz Morilla (Universitat Autònoma de Barcelona) ocúpase de *Formulaic language: Theories and methods*, de Aleksandar Trklja e Łukasz Grabowski (Eds.), e explica como estoutra obra permite coñecer as liñas e os métodos de investigación sobre a linguaxe formulaica en voga. En definitiva, grazas ao vagar e á obxectividade con que estes e estas recensionantes reparan nas obras que len, ao seu esforzo, bríndasenos a oportunidade de dispor dunha boa guía de lectura e dun rico abano de obras aconsellables para a reciclaxe formativa / profesional.

Con respecto a NOVAS, séguese a constatar a tendencia á alza da investigación fraseolóxica a nivel mundial: para o presente ano, reúnen case 900 referencias bibliográficas, publicacións —traballos académicos, libros, artigos, recensións...—, mormente, datadas de 2023 e asociadas a institucións tanto estatais como estranxeiras. En NOVAS, tamén se dá conta das actas das comunicacións —congresos, coloquios, asembleas e xornadas— efectuadas nese mesmo ano, de recursos académicos —aplicacións informáticas, por exemplo— útiles disponibilizados hai pouco e, aínda, das novas achegas fraseolóxicas por parte de persoal non especializado ou leigo na materia —subapartado «Fraseografía espontánea»—. Para alén diso, cabe lembrar que entre todas esas referencias non se inclúen as 13 —9 estudos, 2 recadádivas mais 4 recensións— que constitúen os *CFG* 25.

Pola súa banda, na penúltima sección, *BALANCE*, referéncianse as 230 autorías que se contabilizan nos 24 anos de existencia da revista. Especificando o como, a listaxe informativa ofrécese, a modo de índice, por orde alfabética de temática dos traballos, das e dos autores e de cadansúa procedencia. Así, poderase comprobar que este persoal investigador representa, nada máis e nada menos, ca 29 países diferentes, dous máis do que ata os *CFG* 24.

Pechan a revista, como é o habitual, as normas, actualizadas, de admisión e de publicación de orixinais.

O Consello de Redacción



## Preface

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* presents its new issue, n. 25, published exclusively in digital format for the year 2023. This year has been marked by a major achievement: the journal's indexation in the prestigious Scopus database. This represents a significant milestone in the life of this specialized journal, as it will undoubtedly boost its visibility and international profile.

Another update involves various technical adjustments to *CFG*, including a restructuring of sections, revisions to style guidelines, and greater standardization in the editorial process. Given the importance of these changes, potential contributors are especially advised to consult them via the journal's website: <https://www.cirp.gal/ms/cfg/gl/>.

As in previous years, the call for papers for *CFG* 25 was spread internationally, which was reflected on the variety of languages in the submissions—Chinese, Spanish, Basque, Galician, Kikongo, Romanian, and Serbo-Croatian—as well as on the diverse nationalities of the contributors. However, it is worth noting that issue 25 is a special monograph linked to the pre-existing METAFRAS project, which focuses on the metalinguistics of phraseology and aims to produce a multilingual glossary. Accordingly, the majority of the STUDIES section is authored by collaborators of this project.

In total, this section contains nine papers, including the one belonging to the VARIA subsection, which consists of a single piece on a divergent topic. This paper, titled «Analysis of the Phraseological Units of the Phoenix from an Intercultural Perspective Between China and Spain» by Yu Liang (University of Almería), explores the concept of 'phoenix' in both Chinese and Spanish phraseology. The study concludes that while the concept of the 'phoenix' is similar in both cultures, the concept of 'dragon' differs significantly.

Regarding the remaining papers, all of which relate to the general theme of this monographic issue, the first one, «Romanian Phraseology: An Overview Of Terminology» by Daniela Dincă (Universitatea din Craiova), discusses the typological divergence of Romanian while highlighting consistency in semantic and cognitive dimensions. It also provides a diachronic analysis of the state of the art. Chunyi Lei (University of Granada) analyzes Chinese metalinguistics from a contrastive perspective, examining both Chinese and Spanish («Metalanguage of Chinese Phraseology»). This work evidences the taxonomic variation of phraseology generated in China and advances the comparative study between the two phraseological systems involved.

Following this, Inocente Luntadila Nlandu (Universidade Agostinho Neto) contributes with two papers: «Kòngò Phraseology (H16): Description of the Main Idiomatic Expressions» and «Descriptive Draft of the Main Pragmemes Used in Kikongo (H16)». The first of these concludes that Kongo phraseology exists and is highly complex regarding its functioning and the categories of phraseological units. The subsequent paper confirms the existence of pragmemes in KÍKÓNGÒ and explores their structure and realization in detail.

The next two papers are by Alejandro Martínez Vicente (Sveučilište u Zadru) and Ivana Lončar (Sveučilište u Zadru). In the first one, «Metaphraseology in Croatian», they catalog the main phraseological terms related to the disciplines and the units of study, and then they establish their equivalents in Galician and Spanish. Based on their observations, they highlight discrepancies between languages that «are due, on the one hand, to the different traditions on which phraseological studies are based, as well as to the different paths taken in research and, on the other hand, to typological differences between Romance and Slavic languages that prevent the formation of certain compounds». The second paper focuses on phraseology concepts in the Galician language («The Terms of Phraseology in Galician»). Its goal is to gather existing terminological solutions in Galician for sub-disciplines and units in the phraseology field, highlight gaps filled through translations, and point out cases where a single concept has multiple terms or where terms may cause confusion. As a bonus, a glossary of all the terms is included as an appendix.

The next contribution in the STUDIES section is «The Metalanguage of Basque Phraseology in Collections and Dictionaries», by Zuriñe Sanz-Villar (Euskal Herriko Unibertsitatea). Through comparing the terms selected in different consulted works, Sanz-Villar detects some terminological variation and emphasizes the need for greater conceptual harmonization. Finally, Aneta Trivić (University of Belgrade) and Anđelka Pejović (University of Belgrade) present their paper, «Serbian Phraseology: Consolidation of the Discipline and Terminological Issues», which offers a historical overview of phraseological research in Serbia. It ultimately provides what could be considered the core bibliography in this linguistic context. Moreover, the authors demonstrate a shift in focus from semantic, lexicological, and syntactic topics to more practical and interdisciplinary ones. This, along with the paper by Martínez Vicente and Lončar, marks the addition of Serbo-Croatian to the list of languages studied in *CFG*.

The contributions in the COMPILATIONS section possess a distinctly cumulative or descriptive nature. The first of the two included in this volume, by Vanesa Freire Armada (Universidade de Vigo), compiles 364 phraseological units and 3

monolexical units related to the municipality of Cariño. The second compilation, by Ramón Martínez Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo), stands out for its meticulousness. This level of detail is required given its objective: to gather the phraseological units used by Manuel Leiras Pulpeiro in his literary works, those compiled in *Obra completa* (1970), and those referenced in *Como falan os brañegos* by Antonio Noriega Varela. In summary, these two exhaustive collections justify the considerable length of *CFG* 25.

The next section, *REVIEWS*, includes four reviews of recent works from various branches of phraseology, as suggested by their titles. The first review, written by Maria Carmela Zaccone (Università degli Studi di Torino), focuses on the first volume of *Si dice in molti modi: Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino*, directed by Sabine E. Koesters Gensini and Andrea Berardini. According to Zaccone, one of the main advantages of this publication is its theoretical-practical approach, making it accessible to a wide audience.

Next, Angelo de Souza Sampaio (Universidade Federal da Bahia) reviews *Les formules expressives de la conversation. Analyse contrastive: français-polonais-italien*, by Anna Krzyżanowska, Francis Grossmann, and Katarzyna Kwapisz-Osadnik, highlighting its potential usefulness from a translational perspective. In third place, Iván García Fuentes (Universidade de Vigo) reviews the phraseological compendium *English Idioms Vocabulary 2022*, published by Premier English Learning Publishing, emphasizing its didactic potential. Lastly, Sandra Ruiz Morilla (Universitat Autònoma de Barcelona) reviews *Formulaic Language: Theories and Methods*, edited by Aleksandar Trklja and Łukasz Grabowski, noting how this work provides insight into current lines and methods of research on formulaic language.

In summary, thanks to the care and objectivity of these reviewers, readers are provided with a valuable guide for further reading and a rich array of recommended works for professional development.

Regarding *NEWS*, the upward trend in phraseological research worldwide continues to be evident: for the current year, almost 900 bibliographic references have been gathered, including publications —academic works, books, papers, reviews...—, mostly dated 2023 and linked to both national and international institutions. In *NEWS*, there is also a report on the proceedings of communications —conferences, colloquia, assemblies, and symposiums— held during that same year, as well as on academic resources —such as newly available software applications— and even on new phraseological contributions from non-specialized individuals or laypersons

—in the sub-section «Spontaneous Phraseography». Additionally, it is worth noting that the 13 references —9 studies, 2 compilations, and 4 reviews— that make up *CFG* 25 are not included among these.

The penultimate section, *OUTCOME*, references the 230 authors who have contributed over the 24 years of the journal's existence. This informative list is organized alphabetically by the topics of the works, the authors, and their institutional affiliations. Thus, it can be seen that this group of researchers represents no fewer than 29 different countries, two more than those represented in *CFG* 24.

As usual, the issue closes with the updated submission and publication guidelines for original contributions.

The Editorial Board

**Estudos  
Papers**



# A fraseoloxía romanese: unha ollada á terminoloxía<sup>1</sup>

## *Romanian Phraseology: An Overview Of Terminology*

Daniela Dincă

Universitatea din Craiova (Romanía)

ORCID: 0000-0001-9384-3733

danadinca@yahoo.fr

**Resumo:** Tomando como punto de partida a fraseoloxía romanese, este artigo persegue un dobre obxectivo: por unha banda, proporcionar unha definición da fraseoloxía como disciplina autónoma en comparación con outras disciplinas lingüísticas e, pola outra, analizar a súa metalinguaxe mediante a agrupación de multitude de termos especializados que designan as unidades fraseolóxicas: idiotismo (rom. idiotismo), modismo (rom. idiom), illamento (rom. izolare), locución (rom. locuțiune), locución proverbial (rom. locuțiune proverbială), expresión (rom. expresie), expresión idiomática (rom. expresie idiomatică), perífrase (rom. perifrază), proverbio (rom. proverb), sintagma (rom. sintagmă), fórmula (rom. formulă), cliché (rom. clișeu) etc. O enfoque adoptado é o da análise diacrónica dos principais conceptos operativos, xa que a evolución da fraseoloxía evidencia a constitución e o desenvolvemento desta rama da lingüística no territorio do romanés. A pesar dos diversos puntos de vista que existen, a fraseoloxía romanese enriquecese con achegas centradas, principalmente, na comparación dos fraseoloxismos romaneses cos doutras linguas desde un punto de vista sintáctico, semántico, translatoivo ou descritivo do funcionamento das súas sintaxe e semántica.

**Palabras clave:** fraseoloxía, metalinguaxe, terminoloxía, unidade fraseolóxica, fraseoloxismo, locución, expresión idiomática, sentido literal, sentido figurado, sentido conceptual.

**Abstract:** *Taking Romanian phraseology as a starting point, our article pursues a twofold objective: on the one hand, the definition of phraseology as an autonomous discipline in relation to other linguistic disciplines and, on the other, the analysis of its metalanguage, which brings together a multitude of specialized terms to designate phraseological units: fr. idiotisme (rom. idiotism), fr. idiom (rom. idiom), fr. isolation (rom. izolare), fr. locution (rom. locuțiune), fr. locution proverbiale (rom. locuțiune proverbială), fr. expression (rom. expresie), fr. expression*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 23.10.2023. Data de aceptación: 14.05.2024.

Tradución feita por Sofia Pintos Delgado.

*idiomatique (rom. expresie idiomatică), fr. périphrase (rom. perifrază), fr. proverbe (rom. proverb), fr. syntagme (rom. sintagmă), fr. formule (rom. formulă), fr. cliché (rom. clișeu), etc. The approach we propose is a diachronic analysis of the main operational concepts, as the evolution of the phraseology has highlighted the constitution and development of this branch of linguistics in the territory of the Romanian language. Despite the diversity of points of view, Romanian phraseology continues to be enriched by contributions which are primarily interested in comparing Romanian phraseologisms with those of other languages from the syntactic, semantic or translational point of view, or in describing their syntactic and semantic functioning.*

**Keywords:** phraseology, metalanguage, terminology, phraseological unit, phraseologism, locution, idiomatic expression, literal meaning, figurative meaning, conceptual meaning.

## 1. Introducción

As e os lingüistas romaneses coinciden en subliñar que a fraseoloxía xurdiu hai relativamente pouco como disciplina autónoma, con métodos de investigación de seu. Isto débese á dificultade de separala doutras disciplinas lingüísticas e á de definir o seu obxecto de estudo, constituído por unidades fraseolóxicas coñecidas por multitude de denominacións terminolóxicas. De feito, as ramas da lingüística nas que se superpón inclúen a estilística funcional, a etimoloxía e a lexicografía (Hristea 1984a: 134; Coșeriu 2000: 258–259), a lexicoloxía e a sintaxe (Colțun 2013:13) ou á lexicoloxía de ceito exclusivo (Zugun 2000: 21).

A definición da fraseoloxía como ciencia autónoma implica unha dobre perspectiva de análise, xa que se refire tanto a unha disciplina lingüística como, ao mesmo tempo, á totalidade dos seus elementos suxeitos a estudo<sup>2</sup>. Así, as preocupacións fraseolóxicas rexistradas no territorio da lingua romanese diríxense, por unha parte, á creación de dicionarios fraseolóxicos<sup>3</sup> e, por outra, á análise semántico-sintáctica das unidades reunidas baixo a etiqueta de *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica*. Canto á necesidade de dicionarios fraseolóxicos, Scherf (2006: 82) demostra que os fraseoloxismos non se forman consonte as regras da combinatoria libre, senón que, pola contra, o contexto de memorización provoca a súa recuperación e integración na linguaxe e, de maneira implícita, na comunicación.

A fraseografía romanese conforma un campo bastante dinámico, dado o permanente obxectivo da creación de dicionarios non só dos e das profesionais da lexicografía, senón tamén do persoal especialista (lingüistas, docentes, editoras/editores...). Neste senso, cómpre citar a obra *Proverbele românilor* [Proverbios romaneses] (1895-1903),

<sup>2</sup> O *Dicționar de științe ale limbii*. [Diccionario das ciencias da lingua] (A. Bidu-Vrânceanu et al. 2001: 224) atribúelle ambos os significados ao termo *fraseoloxía*: 1. Disciplina lingüística emerxente que se ocupa do estudo das unidades fraseolóxicas dunha lingua ou grupo de linguas (das súas aparición e orixe, do seu uso na comunicación cotiá ou en estilos/linguas especializados, das familias fraseolóxicas, do papel das unidades fraseolóxicas na modernización da linguaxe literaria); 2. Conxunto de unidades fraseolóxicas dunha determinada lingua.

<sup>3</sup> Unha obra lexicográfica representativa do ámbito romanés é a de Mile Tomici (2009) *Dicționar frazeologic al limbii române*.



de Iuliu Zanne, a cal representa unha apertura monumental da cultura romanese e que inclúe 7500 páxinas (dez volumes) compostas por uns 40 000 proverbios. Alén diso, a fraseografía contrastiva supuxo unha preocupación constante por parte, de novo, dos e das profesionais da lexicografía romanese e a creación de dicionarios fraseolóxicos bilingües foi un factor de gran relevancia na formación de profesionais da tradución, no ensino de linguas estranxeiras e na elaboración de estudos contrastivos<sup>4</sup>.

A finalidade do presente artigo é dobre: en primeiro lugar, definir a fraseoloxía como disciplina autónoma con respecto ás demais disciplinas lingüísticas e, en segundo lugar, analizar a súa metalinguaxe, que comprende múltiples termos especializados para designar as unidades fraseolóxicas. O enfoque que adoptamos é o da análise diacrónica dos principais conceptos operativos, pois a evolución da fraseoloxía puxo de manifesto a constitución máis o desenvolvemento desta rama da lingüística no territorio da lingua romanese.

## 2. A fraseoloxía romanese: intentos de definición

O lingüista romanés que asentou as bases teóricas da fraseoloxía foi Theodor Hristea, quen, en 1984, na obra colectiva *Sinteze de limba română* [Síntese da lingua romanese], insire o capítulo VI, titulado *Introducere în studiul frazeologiei* [Introdución ao estudo da fraseoloxía], onde define a fraseoloxía nos seguintes termos: «disciplina lingüística cuxo obxecto de estudo é a análise das unidades fraseolóxicas dunha lingua (ou dun grupo de linguas) e a propia totalidade das unidades fraseolóxicas desta» (Hristea 1984b: 6)<sup>5</sup>.

Noutras palabras, a fraseoloxía defínese como unha disciplina lingüística e como un conxunto de elementos denominados unidades fraseolóxicas que, á súa vez, se poden clasificar segundo varios criterios (orixe, estrutura, valor estilístico, áreas de manifestación...): «As unidades fraseolóxicas dunha lingua pódense clasificar e estudar desde distintos puntos de vista, empezando pola súa orixe ou pola súa estrutura e terminando pola súa dimensión estilística ou pola súa pertenza a certos campos de actividade» (Hristea 1984a: 134).

A fin de ilustrar a orixe dos fraseoloxismos, Hristea ofrece varios exemplos, entre eles o de *carte postală*, un fraseoloxismo que forma parte da terminoloxía técnico-científica cunha función puramente denominativa, sen carga expresiva ningunha, e que se corresponde co préstamo *carte postale* do francés, non cunha creación da lingua romanese. A propósito da cuestión, a etimoloxía dos fraseoloxismos é algo que, de feito, sempre lle preocupou

---

<sup>4</sup> *Dicționar frazeologic român-englez* (Andrei Bantaș, Andreea Gheorghiu e Leon D. Levițchi 1993); *Dicționar englez-român de colocaiii verbale* (Hortensia Pârlog, Maria Telegă e Leon Levițchi 2000); *Dicționar frazeologic francez-român, român-francez* (Elena Gorunescu 1981); *Dicționar frazeologic spaniol-român* (Necheș Neagu, Teodora Șandru-Mehedinți e Melania Albu 2008); *Dicționar frazeologic român-italian* (Eugen Costescu 1979); *Dicționar frazeologic român-german* (Alexandru Roman 1975); *Mic dicționar frazeologic portughez-român și român-portughez* (Georgiana Bărbulescu 2007); *Dicționar frazeologic polon-român* (Twarog Geambașu 2013) etc.

<sup>5</sup> Todas as citas incluídas no presente artigo correspondense cunha tradución ponte do francés; as citas foran traducidas da lingua orixinal pola propia autora, Daniela Dincă.

ao persoal lingüista e a orixe deste tipo de unidades resúmese nos seguintes mecanismos: «fraseoloxismos creados dentro dunha lingua en concreto, prestados, traducidos ou calcados a partir de modelos estranxeiros» (Constantinescu Dobridor 1998: 154).

De acordo con Hristea, esa interconexión entre a fraseoloxía e a etimoloxía mais a estilística funcional cobraría especial importancia á hora de estudar unha lingua desde a perspectiva da súa evolución e da súa dinámica: «[...] unha investigación coidadosa e exhaustiva acerca de todo o noso tesouro fraseolóxico permitiría que nos fixésemos unha idea moito máis clara do poder creativo da lingua romanese nese ámbito, así como das diversas influencias estranxeiras exercidas sobre el durante as épocas moderna e contemporánea» (Hristea 1984a: 136).

O obxecto de estudo da fraseoloxía é, polo tanto, a unidade fraseolóxica<sup>6</sup>, definida como un conxunto de dúas ou máis palabras cun significado unitario (referido a un único obxecto, propiedade, acción, proceso ou fenómeno) e cunha elevada frecuencia de uso na lingua. Segundo Hristea (1984), os dous trazos característicos das unidades fraseolóxicas son a estabilidade e a autonomía: «o que teñen en común todas as unidades fraseolóxicas dunha lingua é o feito de que se trata de combinacións estables de dúas ou máis palabras cun significado unitario». A autonomía semántica, asentada na polilexicalidade, atribúelles un carácter estable e reproducíbel asociado a un dado valor idiomático e expresivo na lingua.

### 3. Da locución á expresión

A tipoloxía das unidades fraseolóxicas foi unha pedra de toque para as e para os lingüistas romaneses, posto que as características das unidades fraseolóxicas (polilexicalidade, reproducibilidade, estabilidade, idiomaticidade, complexidade e expresividade) deron pé a multitude de termos segundo se destacase unha ou outra desas características: idiotismo (rom. *idiotism*), idioma (rom. *idiom*), illamento (rom. *izolare*), locución (rom. *locuțiune*), locución proverbial (rom. *locuțiune proverbială*), expresión (rom. *expresie*), expresión idiomática (rom. *expresie idiomatică*), perífrase (rom. *perifrază*), proverbio (rom. *proverb*), sintagma (rom. *sintagmă*), fórmula (rom. *formulă*), cliché (rom. *clișeu*) etc.

Unha das teorías iniciais xurdidas a principios do século XX afirmaba que a fraseoloxía reunía unidades léxicas de carácter fixo e unidireccional; así o indicou Sextil Pușcariu (1940) ao falar de «unidades léxicas cun carácter fixo e unidireccional (expresións, locucións, locucións proverbiais etc.)». Noutras palabras, o establecemento de fronteiras entre as distintas unidades léxicas non representaba unha prioridade para o persoal lingüista romanés, máis interesado no inventario de dicionarios mais na descrición sintáctica e semántica en obras dedicadas ás distintas subclases de unidades fraseolóxicas.

Como a estrutura sintagmática non permite diferenciar as unidades fraseolóxicas, Pușcariu (1940) denomina locución ou expresión aos grupos fixos de palabras que van desde os dous ou tres elementos ata as frases e expresións. Por tal motivo, a locución

---

<sup>6</sup> De feito, *fraseoloxismo* e *unidade fraseolóxica* son sinónimos, coa distinción de que o primeiro termo resulta máis conveniente e que o segundo é un derivado do de *fraseoloxía*.

{Han-o chegar á pelos e capelos – Han de pagarlo mucho (FLP)}
349. **chegar** [u.c.] **astra a ialma** [a alguén] Causar unha forte emoción [a alguén], conmover [alguén]. *Non lle quedaban máis que ollos, / pra botar olladas mortas, / que chegaban astra a ialma* (M. Leiras, LPOC, 353).  
As formas normativas son “chegar ata a alma” e “chegar até a alma”.
350. **chegar** [u.c./u.p.] **o calleiro** [a alguén] / **erguer** [u.c./u.p.] **o calleiro** [a alguén] COL. **1.** Producir [a alguén] pesadume. *Noticia tan negativa ergueume o calleiro e quedei moi mal.* **2.** Dicir [a alguén] palabras de sentimento, levantar [a alguén] o ánimo. *Cando che dan unha noticia así de boa érguenche o calleiro inda que esteas baixo de moral.*  
{Vid. Levantal-a espinilla}
351. **chorar** [u.p.] **os sete chorares** COL. Chorar moito. *De me fiar, nunha festa, / dun galanciño atrasnado, / chorei os sete chorares, / e chorei non sei canto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 46).  
Tamén esta expresión aparece en *Como falan os labregos* [CHORAR COM’ONHAMADANELA, CHORAR COMO UNHA VEIGA TALLADA, CHORAR OS SETE CHORARES, ou DEBULLARSE EN BÁGOAS: In lacrimas effundi (NV)].
352. **colgar o pelexo** [a alguén] COL. Estar moi delgado; pasar moita fame. *A ese cógalle o pelexo, non che ten un bo ano.*  
{Colgar o pelexo – Matar de hambre (FLP)}  
A forma normativa é “colgar o pellelo [a alguén]”.
353. **coller** [u.c./u.p.] **de novo** [alguén] COL. Sorprender, causar estrañeza. *Non che me colle de novo / que me deixes cal me deixas: / lacazán como saliche / falta che fai mainceira* (M. Leiras, LPCG, 1911, 50).

- | *Apútese sin recelo no meu home; eu soílo a el lle fun encargo e, así, nada o colle de novo* (M. Valladares, MVNM, 1880, 18).
354. **comer** [u.p.] **as papas na cabeza** [a alguén] COL. Ser máis alta [que outra persoa]. *Teño amigos que che comen as papas na cabeza. Nin poñendo alzas nos zapatos lles chegas ao embigo* (Bieito Iglesias, BIMO, 1994, 17).  
{Comel-as papas n-a cabeza – Ser mas alto (FLP)}
355. **comer** [u.p.] **o caldo á merenda** COL. Pasar estreitezas na casa e non ter orde nin goberno. *Si, ese éche dos que comen o caldo á merenda, moito chufar pero pasan unha fame de can.*  
{Comel-o caldo a merenda – Pasar estrecheces en casa y no tener orden ni goberno (FLP)}
356. **contaren fanegas** [a alguén] COL. Ser rico. *Non quero moza que teña / quen a tropece na vila, / anque lle conten fanegas, / i-ande ben fresca e ben limpa* (M. Leiras, LPCG, 1911, 19).  
Esta UF recóllea Noriega [CÓNTANLLE FANEGAS (a unha moza): Es faneguera (NV)].
357. **correr** [u.p.] **as xuntas** [a alguén] COL. Bater [a alguén], dar [a alguén] unha malleira. *Córrelle as xuntas, Aristides..., veña machiño..., quéntalle o lombo!* (LCMR, 1997, 190).  
{Vid. mazar a cotena}  
Como tantas outras, Antonio Noriega recolle tamén esta expresión en NV (CORRERLLE a un AS XUNTAS: Doblarle a palos).
358. **crebar** [u.p.] **os aires** [a alguén] COL. Facer que desista de facer algunha cousa, quitarlle as intencións. *Con esas ameazas o que tentan é crebarlle os aires, mais non o van conseguir.*  
{Crebal-os aires = Quitar las intenciones (FLP)}
359. **custalas todas** [u.c. a alguén] COL. Supor [u.c. a alguén] moito esforzo. *Tal latexo sintín drento do peito / e tales pavorías ¡ai! me deron / que todas mas custou poñerme dreito / e xuro que si entonzas me furaran / nin de sangue unha pinga me sacaran* (M. Leiras, LPOC, 1888, 263).  
{Costal-as todas – Costar Dios y ayuda (FLP)}  
Repárese en que, en FLP, aparece “costar” e, no exemplo tirado dunha das poesías, aparece “custar”, como é normativamente, aínda que, noutra versión do poema que publica Alonso Montero, aparece tamén “costou”.
360. **dala** [u.p. a alguén] COL. Facer algo que prexudica [alguén], como enganalo ou decepcionalo. *Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12). | *A min non ma dan [...] A min non me enganan. Máis sabe o demo por vello que por demo* (B. Graña, GBFM, 1996, 25).  
DEUMA (unha rapaza): Me chasqueó (NV).
361. **danzar a deda** [a alguén] COL. Andar con desexo sexual [un varón]. *Oi, parece que hoxe lle anda a danzar a deda ao prosma ese!*  
{Danzal-a deda – Andar deshonesto (FLP)}  
“Deda” é, nalgunhas zonas, ‘dedo do pé’, como recolle o dicionario da RAG; mais na terra de Cotobade, segundo Ramiro Barros Justo (2013), é ‘dedo grande do pé’.

- Na UF que comentamos, “deda” supomos que alude ao pene. Repárese tamén en que “dedo sen uña” é pene (Requeixo, 1994), polo menos na área mindoniense.
362. **dar a alma** [algo a alguén] COL. Presentir [u.p. algo]. *A noite que adiós me dixó, / coma min, tamén choraba...! / Foi ben o adiós derradeiro! / Nin que nolo dera a ialma!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 65). | *Si como me dá a ialma, vas pra isa guerra que hoxe hai en Cuba, non busques o peligro* (Xan de Masma, MXD, 1899-1900, 117). Esta UF recolleuna Noriega en NV (DÁBAMO A IALMA: me lo decía el alma).
363. **dar** [u.p.] **á lengoa** COL. Falar, conversar. *O Cristo do Pasatempo, / que tamén, si dera á lengoa, / dos que alí o tempo pasaron / diría: malditos sexan!* (M. Leiras, LPOC, 318). | *A frase de Mingos [...] soa de compromiso, de ganas de darlle á lingua e mata-lo tempo* (B. Graña, GBFM, 1996, 73) Esta locución tamén significa ‘falar moito, normalmente cando se fai de maneira insubstancial’. A forma normativa é “dar á lingua”.
364. **dar** [u.p.] (a súa) **palabra** [a alguén dalgunha cousa] Prometer [a alguén] cumprir algunha cousa. *N’anda ao dreito un raído, / que lle deu vinte palabras / de ser de lei* (M. Leiras, LPOC, 360). No exemplo, M. Leiras, para enfatizar máis o significado desta UF, usa “dar vinte palabras”.
365. **dar** [u.p.] **ao dente** COL. Comer. *Agora que estás de cura / has ter ben que dar ao dente; / soio che falta cozarte / co lombo contra as paredes* (M. Leiras, LPOC, 207). | *O ferreiro roeu e deu ao dente canto quixo* (V. Taibo, VTDA, 1956, 104).
366. **dar** [u.p.] **as boqueadas** Agonizar. *Traballo sempre sin folgo / astra das boqueadas; / mais... pró demo; que el, meu probe, / nin camisiña levaba!* (M. Leiras, LPOC, 214). | *Tan triste [...] / cal si aínda durara a noite negra / en que a meu pai vin dar as boqueadas* (M. Leiras, LPOC., 321). {Dal-as boqueadas – Estar expirando (FLP)} Tamén aparece en NV (Dar as boqueadas: Extremum halitum efflare).
367. **dar** [u.p.] **ás corneiras** COL. Dicir non; protestar, refungar. *Andivécheme rogando, / i-agora das ás corneiras..., / probe de quen bote contas / co que no peto non teña* (M. Leiras, LPCG, 1911, 57). A expresión aparece en NV (DAR ÁS CORNEIRAS: Decir nones). Aníbal Otero recolleu, en Ribeira de Piquín, outra que debe ser variante: “Dar ás cornalleiras”. Tradúcea por ‘reñir, alborotar, protestar, refunfuñar’.
368. **dar** [u.p.] **ás zancas** COL. Andar moito; correr; fuxir. *As mallegas das san Lucas / háncheme ser acordadas, / que, anque me teño por algo, / ben deitei de dar ás zancas* (M. Leiras, LPOC, 210).
369. **dar** [u.p.] **catro voltas** (na festa) COL. Bailar. *Vaite, barruzo, que veño / coa miña mantela nova; / vaite, barruzo, da festa, / que quero dar catro voltas* (M. Leiras, LPCG, 1911, 6). Esta expresión rexístraa Noriega [DAR CATRO VOLTAS NA FESTA: Bailar (NV)].
370. **dar** [u.p.] **co cu no ferrado** COL. Arruinarse. *Non soubo administrar o capital que herdara e en poucos anos deu co cu no ferrado.*



- {Dar c'ó cú n-o ferrado – Arruinarse (FLP)}
- Noriega tamén anota esta expresión [DEU DE C..., ou DEU CO C... NO FERRADO: Quedó reducido a la miseria (NV)].
371. **dar** [u.p.] **co pé** [a alguén] COL. Desprezar, tratar con desprezo [alguén]. *Que non estivera tan desfeitiña / cal xa se atopa certa fochiña / da que algo enriba inda se ve, / si máis souperan que alí esganaron / centos de probes que entón lidaron / cos que lle aos nosos daban co pé* (M. Leiras, LPOC, 328). | *Pra que entón me namorache i agora me dás co pé e lle fas a rosca a outra?* (X. Prado Lameiro, 1919, TILG).  
{Dar c'ó pé – Despreciar (FLP)}
372. **dar** [u.p.] **e remangar** [u.p.] [a alguén] [algunha cousa ou persoa] COL. Gabar ou salientar de forma interesada as calidades dalgunha cousa ou de alguén para que se interese por esa cousa ou persoa. *Cansou de darllo e remangarllo até que por fin o outro, por cansazo, aceptou.*  
{Hay que darllo e remangarllo – Hay que metérselo por los ojos (FLP)}
373. **dar** [u.p.] **fe** [dalgunha cousa] Asegurar como certa, testemuñar, garantir [esa cousa]. *Anque cen cruces me poñas, / nunca máis fe che hei de dar; / que, o que unha fai, fai un cento / si se lle certa a cadrar* (M. Leiras, LPCG, 1911, 38).
374. **dar** [u.p.] **por donde doe** [a alguén] Facer dano, molestar ou ofender [alguén] naquilo que máis pode importar ou afectar. *Hei de procurar a maneira de me vingar del e vouno facer dándolle por onde lle doe.*  
{Dar á un por donde lle doy – Dar a uno por donde peca (FLP)}
- A forma normativa é “dar por onde doe [a alguén]”.
375. **dar** [u.p.] **sete voltas no inferno** COL. Facer calquera cousa, ser capaz de calquera cousa [para conseguir algunha cousa ou para non facer outra determinada cousa]. *Sempre os rapaces o mesmo / foron e son coas rapazas: / dar sete voltas no inferno, / se son mester, pra abrandalas. / Todo é “en punto” mentras elas, / non de todo cegas, mandan, / pro, en se subindo “aos touciños”, / todo se volve “puntadas”, / e, si se trata de voltas, / solo entenden das de espaldra* (M. Leiras, 1888, 260).
376. **dar** [u.p.] **unha volta** [a unha moza] Excitarlle ou avivarlle a paixón. *No carreiriño da fonte / dinlle unha volta a unha nena; / nunca lle eu dera tal volta! / nunca tal volta lle eu dera!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 29).  
[DARLLE UNHA VOLTA (a unha moza): Excitarle o avivarle la pasión del amor (NV)].
377. **decir** [u.p.] **adiós** [a alguén] Despedirse [de alguén]. *Non me deixes, como poidas, / sin que, siquera, te vexa; // sin que, siquera, che eu sinta / decirme adiós, calandiño, / dende o fachal da cociña!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 62).  
A forma correcta é “dicir adeus [a alguén]”.
378. **deixar** [u.p.] **o prebe coma as costureiras** COL. Ser moi cerimoniosa, moi cortés e educada. *Non sei onde aprendería el, deixa o prebe coma as costureiras.*  
{Deixal-o prebe com'as costureiras – Es muy cumplido o ceremonioso (FLP)}

379. **deixarse** [u.p.] **de panxoliñas** COL. Ir directamente á cuestión importante; deixarse de miramentos, de palabras de afecto ou rodeos. *Déixate de panxoliñas, / que non che son tempos vellos; / déixate de panxoliñas, / que, abofé, péde-lo tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26).  
Noriega Varela recolleuna en NV (DÉIXATE DE PANXOLIÑAS: No me vengas con paños calientes).
380. **desamasar** [u.p.] **que caeu o forno** COL. Desistir da idea que tiña, verse obrigado a suspender algo que tiña previsto porque non vai poder ser. [Úsase, xeralmente, en imperativo (desamasa/desamasade que caeu o forno) ou co verbo “desamasar” en perífrases como hai que desamasar que caeu o forno ou ter que desamasar que caeu o forno]. *A oposición segue amasando fariñas de esperanza pero na noite das eleccións algúns poderían berrar aquilo de “desamasa que caeu o forno”* (Lourenzo F. Prieto, LVG, 4-I-2005). | *Tanto traballo que nos deu preparar isto para nada, o que nos ía pagar mudou de plans. Agora temos que desamasar, que caeu o forno.*  
{Hay que desamasar que caeu o forno – Hay que dejar todo como estaba (FLP)}
381. **descubrir** [u.p.] **a ialma** [a alguén] Falar con franqueza, revelar os íntimos sentimentos [a alguén]. *Quererlle máis que ás santiñas / dos meus ollos sin que eu poida / descubrirlle a i-alma miña...!* (M. Leiras, LPOC, 336).  
A forma normativa é “descubrir a alma [a alguén]”.
382. **descubrir** [u.p.] **un altar pra cubrir** [u.p.] **outro** COL. Resolver un problema creando outro. *Déixao estar así, non vaia ser que descubras un altar para cubrires outro.*  
{Descubrir un altar pra cubrir outro – Hacer un hoyo para tapar otro (FLP)}  
Eladio Rodríguez, en DEG, recolle o seguinte refrán: *Descubrir un altar pra cubrir outro, é cousa de loucos.* A forma normativa é “descubrir un altar para cubrir outro”.
383. **encher** [u.p.] **a barriga** COL. Comer; fartarse de comer. *Si un crego, pola contra, pide a un probe / o que chama el ofrendas, sempre o move, / cando menos, a darlle algunha espiga, / que, vendéndoa, cal fai, cando o gran sobe, / deixa sobre pra encher ben a barriga* (M. Leiras, LPOC, 322).
384. **encher** [u.p.] **de palla seca** [alguén] COL. Reprender [alguén], dicir [a alguén] o que pensa sen contemplacións. *Cando o colleu por banda encheuno de palla seca, díxolle todas e mais algunha.*  
{Encher de palla seca (a alguno) – Cantarle las verdades. Decirle las del barquero (FLP)}
385. **engaxar** [u.p.] **a ialma** [a alguén] Facer perder a paciencia e o control. *Con ese comportamento tan desconsiderado acaban engaxándolle a ialma a calquera.*  
{Engaxar a y-alma – Exasperar (FLP)}  
A forma normativa é “engaxar a alma”.
386. **entrar** [u.p.] **por ollo de moa** [a alguén] COL. Gustar [desa persoa], agradar [u.p. a alguén]. *A ela entroulle por ollo de moa e por iso non dá creto ao que lle dicimos nós del.*  
{Entrar por ollo de moa – Caer en gracia (FLP)}

387. **erguer** [u.p.] **a cabeza** Manterse digna. *Meu filliño, nunca esquezas / que, millor quero non verte / astra o ceio, se a cabeza / n'as de erguer como eu a erguín / diante de Prim pra aló de Ceuta...* (M. Leiras, LPOC, 1901, 285).
- erguer** [u.c./u.p.] **o calleiro** [a alguén] > 350  
**esfondarse o forno** [a alguén] > 340
388. **estar** [u.p.] **dálle que dálle** COL. Traballar seguido. *Sempre estou dálle que dálle, / e nunca sallo do día; / non sei cómo fan algunchos / pra facer sega enseguida!* (M. Leiras, LPCC, 1911, 51). | *Poñiano ao veo do moíño de moer café e alí estaba dálle que dálle* (M. García Barros, GBEN, 2000, 21). Rexístraa tamén Noriega [Sempre ESTOU DÁLLE QUE DÁLLE: Trabajo continuamente (NV)].
389. **facer** [u.p.] **a macancona** COL. Finxir unha doenza ou outro motivo para non traballar. *Xúntanlle unha morea de paus e chaman a Farruquiño; e como Farruquiño non sabe facer a macáncona, despáchallos en dous días, e logo ten que esperar outros dous a que lle xunten outra morea* (M. García Barros, GBCT, 1952, 182). {Facel-a macancona. Facel-a manguanga} Hacer la zanguanga (FLP)}  
 A palabra “macancona” non a rexistra o dicionario da RAG.
390. **facer** [u.p.] **a manguanga** COL. Finxir unha doenza ou outro motivo para non traballar. *Hoxe fixestes a manguanga para irdes á praia.* {Vid. Facel-a macancona}
391. **facer** [u.p.] **a millor festa** COL. EUF. Ter relacións íntimas [con outra persoa], practicar sexo [con alguén]. *Anda a presumir de que fixo a mellor festa con esa muller.* {Facer a millor festa – Cohabitar (FLP)}  
 A forma normativa é “facer a mellor festa”.
392. **facer** [u.p.] **a rosca** [a alguén] / **facer** [u.p.] a rosca do galo [a alguén] COL. 1. Adular [alguén] para conseguir algo. *Aos mestres fáille-la rosca cunha habilidade pasmosa. Xa o ano pasado tiña enfeitizada a dona Amalia* (An Alfaya, OCAZ, 1996, 14). 2. Cortexar, tratar de namorar [alguén]. *Fixenlle a rosca do galo / en cantos sitio-la vin; / dixerlle o demo i-a nana, / e sempre o tempo perdín* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26). {Facel-a rosca d'o galo – Cortejar, adular (FLP)} {Facel-a rosca – Hacer la zalá (FLP)}  
 Noriega rexistra esta expresión [FACER A ROSCA DO GALO: Galantear (NV)].
393. **facer** [u.p.] **a súa** COL. Facer a súa vontade; vingarse. *Que agardan os probes, / que a fouce no-abranguen, / i-a súa, ben feita, / non fan dunha vez!...* (M. Leiras, LPOC, 309). | *Non te fies das mulleres, / querido, por vida túa, / que son firmes e leales / mentres que non fan a súa* (CDTC, 1980, 70).
394. **facer** [u.p.] **a zángalla-mángalla** COL. Buscar pretextos ou dar rodeos para deixar de facer algo. *Mandeillo facer a el mais estivo toda a mañá a facer a zángalla-mángalla e non deu feito nada.* {Facel-a zangalla mangalla – Buscar pretextos o rodeos para deixar de facer alguna cosa, andar remolón. Hacer cháncharas mancharas (FLP)}  
 {Facel-a zangalla mangalla – Buscar pretextos o rodeos para deixar de facer alguna cosa, andar remolón. Hacer cháncharas mancharas (FLP)}
395. **facer** [u.p.] **boa feira** COL. Obter proveito, saír ben unha cousa, facer bo negocio, non perder o tempo, non ser pouca a ganancia obtida.

- Fun á feira nun vinteoito, / por ir coa miña Sabela; / e, sin mercar nin vendéremos, / fixemos señora feira* (M. Leiras, LPOC, 212). | *Que boa feira faría o que dese con ela, coa miña oliña chea de ouro!* (A. I. Alvariño, IACO, 1962, 59).  
No exemplo de Manuel Leiras, este xoga cos sentidos da palabra “feira”. Na expresión que comentamos, o sentido é figurado.
396. **facer** [u.p.] **cachizas** COL. Facer ou resolver algo arbitrariamente, facer o que lle dá a gana. *Cachizas el facía no concello; / e todos a boquiña lle calaban; / porque era como o xoio, i-a calquera / nun aire lle amañaba el unhas papas* (M. Leiras, LPOC, 359). | *Disme tamén [...] / que o alcalde da vosa aldea / fai cachizas cos peisanos / que están faltos de influencia, / fundado na forza bruta do mando, / que el aproveita / pra facerse bos nagocios / cuas que sempre a conta allea* (E. Rodríguez, Folerpas, 1894, 104)  
{Facer cachizas – Hacer mangas y capirotes (FLP)}
397. **facer** [u.p.] **chatolas** COL. Estar furiosa, dar mostras de estar moi incomodada. *Xuro a Dios e poño un peso / que algún majo fai chatolas // cos dentes, por non poder / achegarse, que esta noite / ha de haber... o que ha de haber* (A. Noriega, Do ermo, 458).  
{Facer chatolas – Trinar (FLP)}  
Noriega, en NV, recolle unha variante (FACER CHATOLAS COS DENTES: Darse a perros, o ponerse hecho un demonio, y tambien estar abubiando, ou aterentando co frío). Neste caso, só recolleemos o sentido que dá Manuel Leiras a pesar de ter outros.
398. **facer** [u.p.] **coma o santo que non mata nin tolle** COL. Ser inofensiva; ser inútil, non valer para nada. *Non te preocupes que ese é coma o santo que non mata nin tolle.*  
{Fai com’o Santo que non mata nin tolle – Es inofensivo, no vale para nada (FLP)}  
Noriega tamén a recolle así [FACER COM’O SANTO QUE NIN MATA NIN TOLLE: Ser inútil para todo (NV)].
399. **facer** [u.p.] **de conta** [que + CD] Decatarse, darse conta [de algo]; imaxinar, supor [algo]. *Es ben lavado de cara!... / Faite de conta que a verte / nin a falarche unha fala / hei de volver, si é que sigues...* (M. Leiras, LPOC, 1884, 236).
400. **facer** [u.p.] **de menos** [alguén ou algunha cousa] Dar [a alguén ou a algunha cousa] pouca importancia, considerar pouco importante, desprezar. *Tan cego estaba por ela que, facendo de menos os consellos de seus pais, enventou de escapar da casa* (M. Leiras, CDB).
401. **facer** [u.p.] **de mouro branco** COL. Terxiversar as cousas. *Canto falamos ás veces / sin pensar o que falamos! / pero, por máis que se fale, / non se fai de mouro branco!* (M. Leiras, LPOC, 349). | *Poden querer facer do negro branco. Mais o certo é que todos aqueles que tiñamos idade para acudir ás urnas [...] sabíamos dabondo [...] que había tres cuestións tabú, imposibles de cuestionar* (X. R. Pena, FDV, 14-VI-2014).  
Eladio Rodríguez rexistra “facer do branco negro” (DEGC). Supomos que se trata dunha variante desta UF. O segundo exemplo é unha variante con “negro” en lugar de “mouro”.

402. **facer** [u.p.] **de ollo** [algo] COL. Ter pensada ou disposta unha cousa, contar con algo. *Fixo de ollo vivir naquela casa.*  
 {Facer d'ollo – Tener dispuesto, tener pensado, contar con una cosa (FLP)}  
 Parece que “ter de ollo”, ao menos nun dos sentidos que dá Leiras (esperar), é fraseoloxismo sinónimo (ou variante) de “facер de ollo”.
403. **facер** [u.c./u.p.] **falla** ([a alguén]) / **facер** [u.c./u.p.] **falla** ([a alguén]). Ser necesaria ([a alguén]). *Parada / se estivo astrá que el lle dixó: –Dios te garde, aí Niculasa [...] // –Que a ti te garde, bo peine, / que non che fai pouca falta* (M. Leiras, LPOC, 1884, 236). | *Aí, fillos da ialma, / que igual non vos vexa!... / Fai falla que os probes / un día se entendan!* (M. Leiras, LPOC, 1892, 271).
404. **facер** [u.p.] **festas** [a alguén] COL. Acariciar; louvar, afagar [alguén]. *Ben se ve neso que os tales, / como os cas dos cortadores, / nunca fan festas a naide / si de lles dar no-o conocen!* (M. Leiras, LPOC, 320).  
 Noriega recolleuna en NV (FACER FESTAS, ou ALOUMIÑAR: Acariciar).
405. **facер** [u.p.] **o ato** Aviarse, despachar, resolver un asunto.  
 {Facel-o ato – Aviarse, despachar (FLP)}  
 Non demos achado información abonda sobre esta expresión. Dános a impresión de que “ato” é a palabra castelá “hato” e que esta UF é a que o *Diccionario de la lengua española* da RAE inclúe (liar alguen el ható *loc. verb. coloq.* Prepararse para marchar).
406. **facер** [u.p.] **o que o demo non fai** / **facер** [u.p.] **o que o trasno non fai** COL. Ser capaz de facer calquera cousa, facer o que faga falta, ser moi atrevida. –*Aí nena, nese palleiro / inda se agucha un bon can! / –Eso será se lle deixan... / –Ou tamén sin lle deixar, / que un cuzo pola quentura / fai o que o trasno non fai* (M. Leiras, LPOC, 366).  
 {Fai o que o Demo non fai – Hace cuanto hay que hacer (FLP)}
407. **facер** [u.p.] **o (seu) agosto** COL. Obter un gran beneficio. *Por un carreiro / que dun rego vai pra riba, / i-ao relanxo leva ao adro, / catro en conversa subían. / Eran catro dos que o agosto / fan naquela romería* (M. Leiras, LPOC, 1895, 273).
408. **facер** [u.p.] **os nabos** COL. Perder carnes; perder mérito ou valor. *A Xosefa fixo os nabos, ¿non a viches? está coma un pau.*  
 {Fulana fixo os nabos – Fulana desmereció (FLP)}  
 Recólleo Noriega [FACER OS NABOS: Perder carnes (NV)].
409. **facер** [u.p.] **sega** COL. Conseguir proveito ou ganancia, facer negocio. *Sempre estou dálle que dálle, / e nunca sallo do día; / non sei cómo fan algunchos / pra facer sega enseguida!* (M. Leiras, LPCC, 1911, 51). | *A “sega” fixoa boa [o señor Montes], que inda non sei si lle caberá na paneira o muito fruto que nesta recolleita logrou* (A Monteira, 30-VIII-1890, 383).  
 Rexístraa Noriega [FACER SEGA: Hacer uno su negocio (NV)].

410. **furtar** [u.p.] **a volta** [a alguén] / **furtar** [u.p.] **unha volta** [a alguén] COL. Conseguir eludir ou esquivar [alguén]. *Garda o pradiño que levas, / e gárdao ben, noite e día; / que, si unha volta che furtan, / hanche pancela outonía* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15). | *–I-el onde hei ter eu as maus? / –Téñalas en donde queiras, / si é de casta, nada fai; / que unha volta ha de furtarcha / quer por diante ou por detrais... / Así na eira empezaron / certo Xan, que no-era xan, / i-unha Marica, que tiña / de todo o bon a Dios dar* (M. Leiras, LPOC, 366).  
{Furtar a volta – Hacer suertes (FLP)}
411. **ganar** [u.p.] **a vida** Conseguir os medios de subsistencia co traballo. *Comproou unha egua pra andar dacobalo ganando a vida* (M. Leiras, OQTE). | *Ela dicía que era muller que se bastaba a si mesma para gañar a vida* (Eliseo Alonso, AECM, 1955, 50).
412. **ganar** [u.p.] **cos dentes pra comer coas enxivas** COL. Traballar de novo para poder vivir ben de vello. *Tendes que pensar no futuro, como fixeron os vosos pais, hai que gañar cos dentes para comer coas enxivas.* | *Non quero que me metan outra volta o pufo de gañar cos dentes para logo non poder comer coas enxivas* (L. Moure, MMLAL, 1980, 154).  
{Ganar c’os dentes pra comer co-as enxivas – Ganar de joven para vivir de viejo (FLP)}
413. **haber cen Pilatos** COL. Haber unha notábel diferenza. *Hai cen Pilatos entre o que fai el e o que fas ti.*  
{Hay cen Pilatos – Hai una notable diferencia (FLP)}
414. **ir** [u.c.] **á mau** (que + VERBO) COL. Haber moito tempo [desde algún feito]. [Úsase en tempo pasado.] *Dun recuncho da montaña / vai á mau que se largou, / e aínda hoxe non lle mandou / á nai, que chora por el, / catro renglós nun papel* (A. Noriega, NVAM, 260). | *É verdá xa sabida vai á mau que pra un home ser cordo entre as mulleres; facía falta, ¡carape! ser de pau* (1993, TILG).  
{Vay á mau – Transcurrió mucho tiempo (FLP)}  
Noriega recolle esta expresión, que xa usara, como se ve, en 1909, [VAICHE AMAU! (NV)] e non dá o significado. Recóllea tamén Aníbal Otero [*Vai á mau que*, para indicar que ha transcurrido mucho tiempo desde que el suceso tuvo lugar: *Vai á mau que se casou* (VSJP)]. A forma normativa é “ir á man (que + VERBO)”.
415. **ir** [u.p.] **andando** COL. Ir [a alguén] regular, nin moi ben nin moi mal [na vida, na saúde etc.]. *–Bos días, aí, tía Lourenza. / –Santos e bos, tío Santiago. / –E como rixe esta xente? / –Gracias a Dios, vai andando* (M. Leiras, LPOC, 370).
416. **lamber** [u.p.] **o cu** [a alguén] VULG. Adular [alguén], ser servil [con alguén]. *Este cabrón, só leva a quen lle dá a gana, a quen lle lambe o cu* (X. Vázquez Pintor, OVOF, 1996, 91).  
{Lambel-o cu – Adular (FLP)}
417. **levantar** [u.c./u.p.] **a espinilla** [a alguén ou de alguén] Dicirlle [u.p.] palabras de sentimento, levantarlle [u.c./u.p.] o ánimo. *Un outeiro cunha fortaleza e a avenida Gedimino, na que luces e cores, edificios ben mantidos e xente guapa, levantan a espiñela de quen pasa* (Xavier Alcalá, Grial 201, 2014, 119).  
{Levantar-a espinilla. Erguel-o calleiro. Chegal-o calleiro} Dar una grave pesadumbre o decir palabras de sentimento (FLP)}

- A forma correcta é “levantar a espiñela [a alguén ou de alguén]”. A definición de Manuel Leiras é a que dá a RAE para “levantar a uno la paletilla”, ‘darle un disgusto o decirle palabras de sentimiento’. Nós non achamos ningún testemuño do primeiro sentido e só incluímos o segundo.
418. **levantar** [u.p.] **de cargumes** COL. Irse a outro lugar. *Cansou de tentar convencernos sen éxito e tivo que levantar de cargumes.* {Levantar de cargumes – Irse con la música a otra parte (FLP)} “Cargume” é, en San Xorxe de Piquín, segundo Aníbal Otero (1997), ‘carga’, ou sexa, aquilo que se carga. Debe de corresponder ao sentido da palabra na frase que dá Leiras. O que non sabemos é se o sentido da expresión castelá con que a traduce se corresponde cen por cen coa frase galega e, por tanto, ten un matiz de enfado ou, ás veces, humorístico.
419. **levar** [u.p.] **a mal** [algunha cousa] Parecer [a alguén] mal [esa cousa]. *Botáchesmas todas onte, / i-eu non cho levei a mal; / pro, si outra vez con tal volves, / heite, abofé, de alindar* (M. Leiras, LPOC, 208).
420. **levar** [u.p.] **a palma** ([a alguén]) COL. Vencer, gañar [a alguén], sobresaír. *Os de Masma / foron sempre fachendosos, / i-han querer leva-la palma* (M. Leiras, LPOC, 1910, 298).
421. **levar** [u.p.] **as barbas** [a alguén] COL. Dominar, superar [alguén]. *Mal será que non se vaia / dando co algús [galos], pra escollermos / un que ao seu lle leve as barbas* (M. Leiras, LPOC, 1910, 298).
422. **levar** [u.p.] **cabeza** COL. Prosperar, recuperar, ir adiante. *Axudádeo a ver se leva cabeza o rapaz.* {Non leva cabeza – No se levanta, no adelanta, no prospera (FLP)} Coidamos que se trata dunha variante de “levantar cabeza”. A locución está mal formulada ao ir en forma negativa xa que se pode usar tamén en positivo.
423. **levar Dios** [alguén] EUF. Morrer. *Xa teríamo-los homes acó a groria, / que gardan pra cando Dios nos leve* (M. Leiras, LPOC, 364). | *Dios me leve e Dios me deixe / dormi-lo meu sono grande / su as nerviás do recantiño / donde os meus velliños xacen!* (M. Leiras, LPOC, 214). A forma correcta é “levar Deus [alguén]”.
424. **levar** [u.p.] **mal camiño** Proceder ou portarse mal e, por tanto, presaxiar malos resultados. *Dice o meu cura que levo, / polo que vou, mal camiño; / e ten razón, e no-hai volta: / millor é o del, que é o do trigo!* (M. Leiras, LPOC, 209).
425. **levar** [u.p.] **o brazo torto** COL. Levar un presente [a alguén]. *Pró probe non hai padriño, / nin porta ningunha aberta! / Pró probe no-hai nin xusticia, / si o brazo torto non leva!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 39). Noriega recolle unha variante desta expresión [VAI VELO, ou VAI OND’EL CO BRAZO TORTO: Llévale un regalo (NV)].
426. **levar o demo** [alguén] COL. Morrer. *Cegoume unha vez o demo, / e ben puido entón levarme, / que, feito o feito daquela, / ben me rulou con deixarme!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 9). | *Si se dis gusta pódelle dar un ataque e levalo o demo. Está propenso a unha alferesía* (A. Fole, AFHNC, 1981, 69).

427. **mandar** [u.p.] **con Dios** [alguén]  
Despedir, botar [alguén]. *Pidirche casa cuberta, / e ti con Dios me mandache; / que nunca outro mal che fagan!, / que sempre con Dios te manden!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 43). A forma correcta é “mandar con Deus [alguén]”.
428. **mazar** [u.p.] **a cotena** [a alguén] / **mazotar** [u.p.] **os cotenos** [a alguén]  
COL. Bater [a alguén], dar [a alguén] golpes. *Hei de ir á fía esta noite, / i-hei de mata-lo candil, / i-heille maza-la cotena, / on majo que campá alí* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15). | *Ao que a prantaba de guapo / mazotáronlle os cotenos, / e, tordea que tordea, / foi caer onda un centeo* (M. Leiras, LPOC, 302).  
{Mazar a cotena. Dar unhas fregas. Correl-as xuntas. Medil-as costas} Dar una paliza (FLP)}  
Noriega recolle tamén esta UF [MAZA-LA COTENA: Dar de golpes (NV)]. Manuel Leiras, en FLP, non recolle a segunda variante, “mazotarlle os cotenos”, que, como se ve, si aparece nunha das súas poesías. Coidamos que “dar unhas fregas” non é unha construción fixa, senón libre. O substantivo “frega”, tal como aparece no dicionario da RAG, ten unha acepción figurada que significa ‘malleira’. Isto vese no seguinte exemplo: –*Seique non andas a gusto / sin fregas!* –*Si; cal se deron / fai dous anos, pra ensiñarvos / cortesía, no Convento...!* (M. Leiras, LPOC, 1910, 302).
429. **medir** [u.p.] **as costas** [a alguén]  
COL. Bater [a alguén], dar [a alguén] golpes. *E por si algún día chega unha ocasión / en que Xan labrego poda ergue-la man, / quero unha aguillada que me sirva entón / pra medirlle as costas a algún pillabán* (Xosé Crecente, Codeseira, 1928, 251).  
{Vid. mazar a cotena}
430. **medir** [u.p.] **o lombo** [a alguén] COL.  
Bater [a alguén], dar [a alguén] golpes. *Aos desleigados que esquencen / a fala, que ti, no colo, / lles ensiñache, ao crialos, / midelles coa roca o lombo* (M. Leiras, LPOC, 1921, 323). | *Comiamos o que nos daban e calabamos o biquiño, non fose o demo que aínda nos medisen o lombo cunha vara* (Pilar Leal, Algaravia nº 189, 2020).
431. **mollar** [u.p.] **a palleta** COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. *Custáballe dar creto ao que vía. O seu home non mollaba a palleta nin nos velorios. E esta vez...* (X. Neira Vilas, Rmariñeiros, 2003, 29). | *Levaba eu intención de mollar a palleta e meter algo de caldo no bandullo* (Xavier Queipo, QXE, 2011, 139).  
{Mollal-a palleta. Botar un groucho – Echar o beber un trago (FLP)}  
Noriega recolleu tamén a expresión [MOLLAR A PALABRA, MOLLAR A PALLETA: Vinum potare. (NV)].
432. **non arar** [u.p.] **cos bois** [de alguén]  
COL. Non ser simpática, desagradar [a alguén a persoa ou persoas a que se refire], non querer trato [coa persoa ou persoas a que se refire]. *O crego, / dendes da porta, baduando, / quixo ensiñarvos a todos, / que aquilo n’era un mercado; / pro dixo a tempo o do outro: / con estes bois eu non aro* (M. Leiras, LPOC, 1895, 279). | *Se [...] non é santo da vosa devoción [...] tampouco [...] arará cos vosos bois* (Lidia e Valentina, Irimia 683, 2004, 16).



433. **non caer** (aínda) **a casca do cu** [a alguén] COL. Ser inmaturo ou falto de experiencia. *A ese aínda non lle caeu a casca do cu. Para maduro o seu irmán máis vello. | É un destes mozos que aínda non lles caeu a casca do cu e xa veñen dando leccións aos avós* (Manoel da Costa, DCOMM, 2017, 34). {Inda non lle cayeu a casca d'o cú – Aun no salíó del cascarón (FLP)}.
434. **non dar** [u.p.] **nunca palla nin gra** [a alguén] COL. Non ter tido trato [con alguén], non ter falado [con alguén]. [Úsase co verbo en pasado.] *Non sei como di iso se eu nunca palla nin gra lle dei.* {Nunca palla nin gra lle din – Nunca con él he hablado (FLP)}
435. **non facer** [u.c.] **pote** COL. Non ser rendíbel, non producir proveito. *Coma unha rosa eres, Rosa, / i-es boa com'o bon pan; / pro, com'eso non fai pote, / todos deixándote van* (M. Leiras, LPCG, 1911, 23). [NON FAI POTE: No produce provecho (NV)].
436. **non folgar o dente** [a alguén] COL. Comer ben. *Xa se ve que a ese non lle folga o dente, olla que de boa palla está.* {Non lle folga o dente – Come bien (FLP)}
437. **non gardar** [u.p.] **a mexa** VULG. Ser faladora, murmuradora, rexoubeira, indiscreta. *A ese non lle podes contar cousa ningunha que non garda a mexa.* {Vid. Es a porta d'a vila}
438. **non grilar o grilo** [a alguén] COL. Acabarse [a alguén] o diñeiro. *Pra chufar vales o carto, / naide che pon o pé diante; / pero si “o grilo non grila”, / de nada as chufas che valen* (M. Leiras, LPCG, 1911, 60).
- Noriega rexistra esta expresión [A XAN NON LLE GRILA O GRILO: A Juan se le acabó la bolsa (NV)].
439. **non haber máis remedio / non ter** [u.p.] **máis remedio** Non haber ou ter outra solución, estar obrigada [a algunha cousa]. [Ás veces, vai seguida da conxunción *que*.] *Daba pena de que fosen, / tan rufo e majo, a correlo, / pero... caéralle a facha, / e non houbo máis remédeo* (M. Leiras, LPOC, 1910, 299). | *Miña casiña, meu horto, / meu caxigo e meus loureiros, / párteme a ialma o deixarvos, / pro non teño máis remedio!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 41).
440. **non haber** (nada) **que faguer** [a algunha cousa] Non haber remedio [para esa cousa]. *Cando as feridas son fondas, / i-ademais pezoña levan, / xa no-hai que faguerlles nadia / máis que “cubrilas con terra”* (M. Leiras, LPOC, 219). A forma habitual en M. Leiras e na súa comarca é “facer”, non “faguer”.
441. **non haber volta / non ter** [u.c.] **volta** COL. Non ter posíbel discusión; non ter outra solución. *Os que, roendo latín, sin o entenderen, / dan pró ceio boletas ás maus cheas, / vendo que hai pouca fe nas argalladas, / que aínda hoxe lles valen boas talladas, / bouran, e con razón: pan que se solta, / pan perdido pra sempre; e non ten volta!* (M. Leiras, LPOC, 316). | *Dice o meu cura que levo, / polo que vou, mal camiño; / e ten razón, e no-hai volta: / millor é o del, que é o do trigo!* (M. Leiras, LPOC, 209).

442. **non ir** [u.p.] **no carro** [de alguén / seu] agás que seña no bico dos fungueiros COL. Non querer tratos con esa persoa, non lle inspirar confianza, non lle resultar simpático por calquera motivo. *Non quero trato nin barato con el. Ese fulano non vai no meu carro agás que seña no bico dos fungueiros.*  
{N-o meu carro non vai, agás que seña n-o bico d'os fungueiros – No lo quiero en casa, Dios me libre de él (FLP)}  
A expresión aparece, con algunha diferenza, en NV (PETAPOUCO (un curial) NON VAINO MEU CARRO Á MISA, AGÁS QUE SEÑA NO BICO DOS FUNGUEIROS: Petapouco no es santo de mi devoción). A forma normativa é “non ir no carro [de alguén / seu] agás que sexa no bico dos fungueiros”.
443. **non lamber ben a vaca** [alguén] COL. Estar moreno e con mal aspecto. *Encontreina como se non a lambese ben a vaca, hai que lle dicir que se coide un pouco.*  
{Está como si non-o lambera ben a vaca – Está moreno y de mal pelo (FLP)}  
Noriega Varela tamén rexistra esta expresión [ROIEUTE O CURRISCO!, ou TORROUTE A RAXEIRA!, ou NON TE LAMBEU BEN A VACA! (a unha moza): Eres excesivamente morena (NV)].
444. **non parar (nin) o can / non pararen nin os cas** COL. Ir moito frío. *Soprade o lume, / botade estelas, / jentaladiño / veño da feira! / Si alguén á porta / pedíndoa chega, / ¡dádelle axiña / casa cuberta!, / que ni os cas paran / polas carreiras* (A. Noriega, NVAE, 1895, 418).  
{Non para o can – Hace mucho frío (FLP)}  
En NV aparece tamén esta expresión [NON PARA O CAN!, NON PARA O DEMO!, ¡NON PARAN OS LOBOS PRESOS NUNHA CADEA!: Hace un frío de mil diablos (NV)]. Esta locución úsase en presente ou imperfecto. A forma normativa é “non parar (nin) o can / non pararen nin os cans”.
445. **non poder** [u.p.] **coas bragas** COL. Ser ou estar moi vella. *Dis que non poido coas bragas...!, / non che son o que parezo; / que inda che teño a dentamía / pra me poñer a un enceto* (M. Leiras, LPCG, 1911, 20). | *Estame decindo que quere botar un parrafeo comigo, probe vello que xa non pode coas bragas* (1876, TILG).
446. **non quedar cara pra se presinar** [a alguén] COL. Estar ou ficar moi delgado, moi débil, sen forzas. *Despois de andar por aí de vagabundo, a pasar fame, non lle quedou cara para se presinar.*  
{Vid. com'a leña}  
Noriega tamén rexistra esta expresión [QUEDOUSE COM'ON ESBIRRO, QUEDOUSE COM'ON ESQUILÓN, QUEDOUSE COM'ONHA ESTRIGA, ou NON LLE QUEDOU CARA ONDE SE PRESINAR: Parece que le han chupado las brujas (NV)]. A forma normativa é “non quedar cara para se presinar [a alguén]”.
447. **non saber** [u.p.] **onde colga o pote** [alguén] COL. Non ter recibido nada [de alguén], non ter nada que lle agradecer. *O Lourenzo saíu perdendo porque o substituíu un tal Indurain – de Zaragoza– a quen non conocemos nin sabemos onde colga o pote* (Grial 171, 2006, 61).

- {Nunca soupen onde colga o pote – Nunca me ha dado nada (FLP)}  
 Temos pouca información sobre esta UF.
448. **non salir** [u.p.] **do rabo** [de alguén] COL. Seguir ou acompañar sempre a alguén. *Teño un galán tarabelas, / que parece anda coa lúa; / ora, non sal do meu rabo, / ora, nin de min se cuida* (M. Leiras, LPCG, 1911, 24). [NON SAL DO MEU RABO: No me deixa ni a sol ni a sombra (NV)]. A forma correcta é “non saír do rabo [de alguén]”.
449. **non se acanear unha folla** Haber calma completa, sen vento, sen brisa. *Non se acanea unha folla; / todo esta noite está calmo; / ¡ai, quen poidera decire, / coa mau no peito, outro tanto!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 7). Esta UF é sinónima da moito máis corrente “non se mover unha folla”.
450. **non ser** [u.p.] **feixe** [de alguén] COL. Non ser gravosa [a alguén], non lle resultar unha carga [a alguén]. *Probiño e todo, son rico, / que non son feixe de naide; / e moitos, que moito rumban, / non poden deso gabarse* (M. Leiras, LPCG, 1911, 18). | *Estímoche o que me dis, pro aínda [...] teño coñecemento, e non hei de ser feixe de quen ten máis vontades que poder* (M. Leiras, CSR). | *–E seica é do Eladio do Cuco, ¿ou? –É meu, pai. É noso. A ninguén lle interesa con quen fai unha as súas cousas, que eu non son feixe de ningún home* (C. G. Reigosa, HDTDC, 1982, 42). {Non ser feixe de naide – No pesar sobre nadie, no ser gravoso a nadie (FLP)}  
 A expresión aparece recollida tamén en NV (NON É FEIXE DE NAIDE: El que no se arrima a otro para comer a costa ajena).
451. **non ser** [u.c.] **milagre** Ser natural, ser lóxica. *Tocan a morto en San Pedro, / e chora e laia unha nena; / ¡non é milagre que laie, / orfiña como ela queda!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 18). | *Estaba baril ao dreito / de arriba abaixo, recoiro!... / N’era milagre que ao rabo / levara un fato de mozos* (M. Leiras, LPOC, 1895, 281). {N’é milagre – Es natural (FLP)}
452. **non temperar o demo** [alguén] COL. Ser insoportábel, non o entender nin compracer ninguén. *Non estou disposto a aturar máis a ese fulano, é insoportábel, non o tempera o demo!* {N-o tempera o demo – Es insoportable, no lo entiende ni complace nadie (FLP)}  
 O seguinte exemplo ten relación con esta UF: *Val Dios que nunca tiveche / que limpar, como tes aire; / que, si o tiveras, xa o demo / podía vir temperarte* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12).
- non ter** [u.p.] **máis remedio** > 439
453. **non ter** [u.p.] **que limpar** COL. Ser moi pobre, carecer do máis elemental. *Val Dios que nunca tiveche / que limpar, como tes aire; / que, si o tiveras, xa o demo / podía vir temperarte* (M. Leiras, LPCG, 1911, 12). Noriega rexistra esta UF [NON TER QUE LIMPAR: No tener en que caerse muerto (NV)].
- non ter** [u.c.] **volta** > 441
454. **pacer** [u.p.] **a outonía** [a alguén] COL. Deixar [alguén] sen noiva; ser causa da infidelidade da noiva. *Garda o pradiño que levas, / e gárdao ben, noite e día; / que, si unha volta che furtan, / hanche pace-la outonía* (M. Leiras, LPCG, 1911, 15). {Pacel-a outonía – Quitarle á alguno su novia, o entenderse con ella a sus espaldas (FLP)}

- Aparece en NV (PACINCHE A OUTONÍA: Te soplé la dama). A RAG define así a “outonia” deste fraseoloxismo: ‘Herba que nace despois de que se recolle o feo’, e dá como sinónimos “outonizo” e “outono”. Sobre a orixe desta locución, di Luís Guiadás no Correo Galego (15-III-1998): “Por certo, que despois de recolle-la herba seca, medra outra nos prados na outonada ou outono, moi apetecible para taniscar ou trisca-los dentes como “remoiro” ou “rumiallo” –comida a remoer na boca– por parte do gando: trátase da outonia e dela vén o dito “pacerlle a outonia” (empregado cando se lle birla a moza a outro, ou incluso cando se lle consegue “algún favor”)”. É evidente nesta UF o punto de vista do varón, o que non impediría o seu uso por mulleres.
455. **pagalas** [u.p.] COL. Sofrer as consecuencias ou o castigo que corresponden a un comportamento abusivo ou reprobábel. *Vas chea de rirte de min, / e de salires coa túa; / ¡como te apille entre os sucos / hasmas pagar todas xuntas!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26). | *Inda se han volve-las tornas; / inda algunhos han pagalas; / inda se han ver catro peixes / colgados da Mariscala* (M. Leiras, LPOC, 210).
456. **pagar** [u.p.] a **maragota** COL. Sofrer o castigo ou as consecuencias dalgunha cousa sen o merecer, cargar coa culpa de algo que outra persoa fixo. *Neste contexto económico neoliberal isto non parece importar pois que o gaño sempre será para particulares e as perdas serán comúns (individuos ou comunidades). É dicir: tocaralle ao cidadán, máis unha vez, paga-la maragota* (X. M. Domínguez, OCG, 21-VII-96). | *Seguro que esquecín baixar as persianas onte á noite e agora pagaba a maragota* (L. C. Carballal, 2001, CORGA).  
{Pagal-a maragota – Pagar el pato (FLP)}
457. **parecer que se ceibou o demo** COL. Haber moito ruído. *Facían un ruído esaxerado, abouxaban a un, parecía que se ceibara o demo.*  
{Parecía que se ceibara o demo – Había un ruído infernal (FLP)}
458. **partir** [u.c.] a **ialma** [a alguén] COL. Afectar [a alguén] fondamente, entristecer [alguén] moito. [En lugar de *partir* tamén se di *raer* e *trastallar*, entre outros verbos.] *Miña casiña, meu horto, / meu caxigo e meus loureiros, / párteme a i-alma o deixarvos, / pro non teño máis remedio!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 41).  
{Vid. *raer* a vida (FLP)}  
A forma normativa é “partir a alma [a alguén]”.
459. **partir** [u.p.] **as peras** [con alguén] / partiren [dúas persoas] as peras COL. Enfadarse [u.p. co seu compañeiro ou compañeira]; romperen a relación [un noivo/a co seu par]. *Despois de dous anos xuntos, a miña filla partiu as peras co mozo. | Tantos anos xuntos e dixéronme que partiron as peras.*  
{Partil-as peras – Reñir, deixarse dos novios (FLP)}  
Esta expresión tamén a recolle Noriega [PARTIRON AS PERAS: Están encontrados (NV)].
460. **partir** [u.c/u.p.] o **corazón** [a alguén] / *trastallar* [u.c/u.p.] o corazón [a alguén] COL. Afectar [u.c.] fondamente, entristecer moito. *Choraba que unha bágoa n’agardaba a outra, e partía o corazón oílo* (M. Leiras, CSR).

- {Vid. raer a vida}  
 Esta expresión recóllea tamén Noriega [SERROUME O CORAZÓN, ou TRASTALLOUME O CORAZÓN, ou ¡RAEUME A VIDA!: Me dio mucha lástima (NV)], [TRASTALLABA AS PEDRAS!, OU TRASTALLABA O CORAZÓN!: Movía a piedad (NV)].
- partiren** [dúas persoas] **as peras** > 458
461. **pasar a gata pola nata** COL. {Pasal-a gata pol-a nata – Pasar las unas por las otras (FLP)}  
 Non achamos ningunha información acerca desta UF. A tradución de Manuel Leiras non nos parece moi clara.
462. **pasar** [u.p.] **o tempo** Facer cousas sen interese ou proveito, só para se entreter. *Falando do que a festa, / por non chover, prometía, / pasaron o tempo* (M. Leiras, LPOC, 1895, 275).
463. **pecar** [u.p.] **de acexo** COL. Sentir envexa ou desexo por algo. *Pra apañar froliñas ergueuse da cova: / i á luz do Santismo, que bruxuleaba, / sin facer barullo, no mandil xuntounas / pecando de acexo, ¡cousiña galana!, / com'o rapiñeiro, que agrimado rouba* (A. Noriega, NVAOCII, 1904, 9).  
 {Pecar d'acexo – Curiosear, tener celos (FLP)}  
 Esta expresión aparece tamén en NV (PECA DE ACEXO: Tiene envidia) e en VSJP (ACEJO, m. Deseo: *Peca d'acejo o que lle gusta unha moza ó vela pasar: peca d'acejo vendo o prado que non pode botar nel*). O substantivo “acexo” debe de ser unha variante de “axexo”.
464. **pedilas o corpo** [a alguén] COL. Desexar armar unha disputa, provocar alguén. *Cando llelas pide o corpo, / non val andar con temperos, / e catro azoutas, di a vella, / séntanlles ben por enteiro* (M. Leiras, LPOC, 368).
465. **pensar** [u.p.] **mal** Desconfiar. *Non penses mal, raparigo, / por verme a saia rabena; / tráiocha pra andar no monte, / non pra que as pernas me vexan* (M. Leiras, LPOC, 210).
466. **perder** [u.p.] **a cabeza** COL. Actuar sen reflexión, turbarse [a alguén] a razón ou o xuízo. *Está cos comenzos da frebe, / que aos pobos deixados, / fai perde-la cabeza, e erguila, / e dar fungueirazos* (M. Leiras, LPOC, 325).
467. **perder** [u.p.] **a solta** COL. Deixar de ser virxe. *Naquela época o noso personaxe aínda non perdera a solta.* {Perdel-a solta – Perder la virginidad (FLP)}
468. **perder** [u.p.] **a vergonza** Ter un comportamento indigno ou deshonoroso. *Non volve o rego prá fonte, / nin prá mau a pedra solta; / nin a ser como Dios manda / volve a que perde a vergonza* (M. Leiras, LPCG, 1911, 20).
469. **perder** [u.p.] **o norte** Desorientarse. *Andivo con cen figuras, / e cen paradas sin xeito; / i-acabou perdendo o Norte, / indo a pegar nun cancelo, / desviado un estadal* (M. Leiras, LPOC, 1910, 301).
470. **perder** [u.p.] **o tempo** Facer algo sen obter un resultado positivo. *Fíxenlle a rosca do galo / en cantos sitio-la vin; / díxenlle o demo e a nana, / e sempre o tempo perdín* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26). | *Déixate de panxoliñas, / que non che son tempos vellos; / déixate de panxoliñas, / que, abofé, pérde-lo tempo* (M. Leiras, LPCG, 1911, 26).
471. **pingar** [u.p.] **o moco** COL. Chorar; choromicar. *O demo leve a Cuba! Eu non a quero ben, desde que morreu o meu fillo aló [...] –Interrumpeu unha vella pingando o moco* (Xan de Masma, MXD, 1899-1900, 90).

- | *Houbo un neno que polas tardes choraba polos días que remataban. Con días así coma este [...] con lumes de protagonistas, el pensaría mellor antes de pinga-lo moco* (David Otero, OCG, 9-VIII-1998).  
{Pingal-o moco – Llorar (FLP)}  
En VLP, traduce Leiras a expresión desta maneira: “Lloriquear, llorar facilmente”. A expresión aparece tamén en NV (PINGAR O MOCO: Llorar).
472. **poñer** [u.c./u.p.] **a denteira** [a alguén] COL. Repugnar, non gustar. *Só pensar niso ponme a denteira.*  
{Poñel-a denteira – Dar dentera, repugnar (FLP)}  
A expresión recóllea tamén Noriega, mais referida a unha rapaza [NON VALE PRA PECAR DE PENSAMENTO, ou PON A DENTEIRA (unha rapaza): Es fea (NV)]. Coidamos que tamén se pode usar no sentido contrario, como aparece n’*A besta* cando o autor desta novela describe a Pepa, personaxe sempre positiva: *Daba denteira vela! Con un dengue roxo, que poñía de releve as esuberancias daquel seo de neve; a vasquiña negra recachada deixando descubertas as torneadas e rosadas pernas; [...] levaba tras de si a ialma e os ollos dos peisanos* (Xan de Masma, MXD, 1899-1900, 54).
473. **poñer** [u.p.] **o pé diante** [a alguén] COL. Avantaxar, superar [alguén], ser quen a vencer [alguén nalgunha cousa]. [Úsase máis en construción negativa.] *Pra chufar vales o carto, / naide che pon o pé diante; / pero si “o grilo non grila”, / de nada as chufas che valen* (M. Leiras, LPCG, 1911, 60). | *Como dramaturgo non hai no mundo quen lle poña o pé diante* (V. Taibo, VTDA, 1956, 140).
- Recólleo Noriega Varela [NAIDE LLE PON O PÉ DIANTE: No hai guapo que le venza (NV)].
474. **poñerse** [u.p.] **no bico das zocas** COL. Enfurecerse. *Posto no bico das zocas / púxose a min un parente; / non se puxo mentras tiven / polpa en que el meter seus dentes!* (M. Leiras, LPCG, 1911, 53).  
Esta expresión recóllea Noriega, en NV, co mesmo sentido que no exemplo (POÑERSE NO BICO DAS ZOCAS: Revestirse a uno todos los demonios).
475. **pra aló ir** [u.c./u.p.] COL. Ser pouco máis ou menos, ser case o mesmo [ca persoa ou cousa mencionada]. [Úsase xeralmente en presente.] *É pior que un alarbio; non é home, que é un dragón que a toda a terra ten atemorizada. Os fillos pra alá van; e todo o mundo arredra deles como si foran escorpións* (A. López Ferreiro, LFAC, 1895, 11).  
{Pra aló vai – Poco más da, casi es lo mismo. Lleva el mismo camino (FLP)}  
As formas normativas son “para alá ir” e “para aló ir”.
476. **quedar** [u.p.] **a fio** / **quedar** [u.p.] **a fio seco** COL. Pórse moi delgada e desmellorada. *Nin canta, ni dá parola, / cando lle toca o muíño: / e vaise a fio quedando / como as varas dun caíno...* (M. Leiras, LPOC, 360). | *A pesar dos seus cento corenta quilos de peso, o día 4 quedou nos ósos, a fio seco* (A. Riveiro Coello, RCCB, 2005, 32).  
Esta expresión recóllea Noriega, entre outras [VAISE QUEDANDO A FÍO SECO: Está tísico (NV)].
477. **quedar** [u.p.] **coas ganas** [de algo] COL. Non conseguir [o que pretendía]. *Pensas que todas te queren?, / nunca tan galano foras!*

- Xa ora – Claro, ya lo creo<sup>12</sup>.
- E un Dios me leva e un Dios me trae – Un voluble que va a donde lo llevan.
- Si ques máis *vai á corte e mataas todas* – Si quieres más, llévalo todo.
- ¡Lástima fora! – ¡Pues no faltaba más!
- ¡Mismamente! – ¡Era lo que faltaba!, ni más ni menos.

<sup>9</sup> En M-b, aparece riscado, despois de “ni bueno ni malo”, “ni chicha ni limonada”.

<sup>10</sup> En M-b, aparece riscado, despois de “son”, “sin juicio”.

<sup>11</sup> X. L. Franco Grande (FLP), seguindo o M-c, recolle “mea sin coda”, mais en M-b lemos claramente “mea sin conda”, como, por outra parte, recolle tamén Noriega. Corriximos, daquela, o erro.

<sup>12</sup> En M-c, engádeselle “por supuesto”, que pasa a FLP.



- Sei con que bois aro – Conozco el paño.
- Ter os demachiños – Estar embrujado o hechizado.
- Á vao – En abundancia<sup>13</sup>.
- N-un brote – Por junto, por mayor, en un montón.
- Vay â mau<sup>14</sup> – Transcurrió mucho tiempo.
- Unha festa tumbada. Unha festa señora } Una fiesta ruidosa.
- N-o meu carro non vai, agás que seña n-o bico d’os fungueiros – No lo quiero en casa, Dios me libre de él.
- Non para o can – Hace mucho frío.
- Fai<sup>15</sup> com’o Santo que non mata nin tolle – Es inofensivo, no vale para nada.
- Colgar o pelexo – Matar de hambre.
- Inda non lle cayeu a casca d’o cú – Aun no salió del cascarón.
- ¡Fúngate Xan qu’es bon mozo! – Limpíate que estas de huevo.
- ¡Aquelo era boca que qués, barriga ten mau! – Aquello era un banquete opíparo.
- ¡Vaiche boa! – ¡Eso ya!<sup>16</sup>
- Dar fraterna – Dar matraca.
- Dar de alma – Dar con fuerza.
- Botar por ela – Presumir, fanfarronear, baladronear.
- Ir ou andar âs revingueitas<sup>17</sup> – Andar en competencia, á porfia.
- Non goza unha isma. Non logra ni un sacre } No digiere nada.
- Bótall’un can ô rabo – Échale un galgo.
- ¡Algo, algo! – ¡Mucho, mucho! ¡mucho que sí!, ¡ahí le duele!
- ¡Cata o outro! – Mira que ocurrencia tuvo, mira con lo que sale.
- De morte en fora – Salvo caso de muerte.
- ¡Non que logo! – Pues<sup>18</sup> no faltaba más.
- Déixame de muiñeiras – Déjame de enredos, no me vengas con historias.
- Roubar a atención – Enamorar.
- Andar profano – Ostentar lujo y vanidad.
- Crebal-os aires – Quitar las intenciones.
- Facer a millor festa – Cohabitar<sup>19</sup>.
- Á lor d’eso – Á ese tenor.
- Bravo sei, bravo sabe – Que se yo, que sabe él.
- Bravo se lle da – Poco le importa.

<sup>13</sup> No M-b, aparece escrito despois de “en abundancia”, con letras menos claras “A pote (castellano)”. Este engadido non pasa nin a M-c nin a FLP.

<sup>14</sup> En M-c, temos “vai á man” e de aí pasa a FLP como “vai á man”, mais en M-b, cremos que di “vay à mau”, que é o esperado, xa que é a variante dialectal de M. Leiras. Neste caso, non achamos a UF en M-a.

<sup>15</sup> En M-b, lese “Fai com’o Santo”. O autor de M-c leo mal (“Foi coma o Santo”) e este erro pasa a FLP. Nós corriximos o erro.

<sup>16</sup> En M-b, despois de “¡Eso ya!”, está escrito con letra menos clara “Hacer tiempo”. En M-c, non aparece, nin en FLP.

<sup>17</sup> En M-b, enriba de “andar en competencia”, lemos, como continuación da frase, un engadido que non inclúe M-c nin FLP: “ou a revendía”.

<sup>18</sup> En M-b, antes de “Pues”, está escrito, e parece que riscado, “Y luego”.

<sup>19</sup> En M-c, engádeselle a “cohabitar” “desflorar”, que tamén aparece en FLP.

- Subir a Infesta – Ir a presidio.
- Dar c’o pé – Despreciar.
- Hay pol-a vella – Hay en abundancia.
- Perdel-a solta – Perder la virginidad.
- Entrar por ollo de moa – Caer en gracia.
- Ganar c’os dentes pra comer co-as enxivas – Ganar de joven para vivir<sup>20</sup> de viejo.
- Ter zoña – Tener ojeriza.
- Sacudir o chinelo – Bailar.
- Así eu teña o ceoyo. Así Dios me... Así eu seña de Dios. Así eu medre e luza. Así eu. Así Dios me, amen } Á fe mía, por mi vida.
- Consérvese. Regálese. Non se morra. Non hay que se morrer } Á Dios.
- Hay cen Pilatos – Hai una notable diferencia.
- Sol d’os sapos – La luna.
- ¡Vaya o Diabro! ¡Vaya o Demo! ¡Vaya que vosté tamen } ¡Vaya con la ocurrencia! ¡que ocurrencia!
- Pacel-a outonia<sup>21</sup> – Quitarle á alguno su novia, o entenderse con ella a sus espaldas.
- Raer a vida. Raer a y-alma. Trastallar a y-alma. Trastallar o corazon } Cubrir el corazón, afectar hondamente.
- Coller de cachete – Topar á uno bien predispuesto, encontrar de sopetón.
- E cando ben é – Y por lo visto.
- Cadrar â comán – Estar cerca.
- Valer a vida – Servir de mucho.
- ¡O Dios! – Expresión de asombro.
- ¡Ou madre que me pareu! – ¡Oh madre mía!
- Tel-as sete codas d’a roña – Ser un cerdo, sucio.
- Fulana *fixo os nabos* – Fulana desmereció.
- Chamouse Xan d’a nega – Se llamó andana, no quiso reconocer el hijo.
- Inda ven cega d’a corte – Aun está torpe, aun trae el pelo de la dehesa.
- Abalar o zapato – Bailar.
- Houbo *moita risa e caraxola*. Houbo o *Diabro pol-as pernas* } Hubo jaleo.
- Está como si non-o *lambera ben a vaca* – Está moreno y de mal pelo.
- Quen se condena que non se condene – Quien piensa mal, se equivoca.
- Abrir a porta y-a ucha – Recibir y obsequiar a alguno con el alma y la vida.
- En boa hora o diga y-o Demo seña sordo – En buena hora lo diga<sup>22</sup>.
- Nin crú nin cocido – De ninguna manera, por ningún concepto.

<sup>20</sup> En M-b, vemos que puña inicialmente “comer” en lugar de “vivir”, mais aparece riscada esa palabra e pon enriba dela “vivir”. En M-c e FLP, aparece tamén “vivir”.

<sup>21</sup> En M-b, enriba de “Pacel-a”, está escrito “Pacerll’a un”. Isto non o recollen nin M-c nin FLP.

<sup>22</sup> En M-b, sobre “o Demo seña sordo”, lese “Mal é o diga” e “Mal qu’eu o diga”. No lado dereito, lemos “? Me está mal el decirlo”. Nada disto pasa a M-c nin a FLP.

- Ou as cabras n'han dar leite. Ou a romana non ha dal-o seu<sup>23</sup> } O no ha de haber justicia.
- ¡Ai, home, zas, que lostrega! – ¡Dale, hombre, que está en punto!
- Non lle folga o dente – Come bien.
- ¡Mala cegueira te cegue! – ¡Ciego te vea!
- ¡Seique manteigas co-a ozquia d'o fuso! – ¡Eres bien tacaño!
- Hay que desamasar que caeu o forno – Hay que dejar todo como estaba.
- ¡Son cousas! – ¡Asi es la vida!
- Eso é de *correlobos* – Eso es cosa corriente, facil.
- Ô chou chou. Á feixe } A tun tun.
- Âs apalpadelas. Âs apalpadas. Âs tentas } A tientas.
- Engaxar a y-alma – Exasperar.
- Pecar d'acexo – Curiosear, tener celos.
- Regalal-os ollos – Mirar con mucha fijeza, alegrarse.
- Estarular os ollos – Mirar con admiración.
- Estarruñal-os dentes – Crujir los dientes.
- Regañal-a moa – Reir.
- Amosal-os dentes – Mostrar dientes.
- Facel-a rosca d'o galo – Cortejar, adular.
- Costar ferro e fariña – Costar un triunfo.
- Costal-as todas – Costar Dios y ayuda.
- Cadrar conforme – Estar de acuerdo.
- Facer cachizas – Hacer mangas y capirotes.
- Ir á fio dreito – Ir en derechura.
- É com'o sol – Es evidentísimo.
- Pol-a luz divina – A fe mia.
- Está com'a leña. Está desdeña. Está n-os osos. Non lle quedou cara pra se presinar } Está o se quedó extenuada.
- Bebelas com'o boi a y-auga<sup>24</sup> – No darse por entendido.
- Baixouselle a funga ô cú – Se hizo viejo y pedorrero.
- Andar n-o veo – Andar en el ajo.
- Beila n-o aro d'un cribo – Es bailador.
- Ha de beilar n-un cribo – Se ha de alegrar, ó lo contrario.
- Quen for vivo, xa o dirá – El que viva, lo dirá.
- Estar a un pan y-ôn<sup>25</sup> coitelo – Vivir juntos.
- Han-o chegar á pelos e capelos – Han de pagarlo mucho.
- Dar unha fungada. Botar unha fungada } Reprender.
- Hay que darllo e remangarllo – Hay que metérselo por los ojos.
- Es a porta d'a vila – Eres una habladora, no guardas secretos.

<sup>23</sup> En M-a, achamos tamén, sen equivalencia ou definición, “dal-o seu a romana”.

<sup>24</sup> En M-b, lese, despois de “auga”, “o Com'o galo a mosca”. A última palabra non está moi clara. Esta UF sinónima non a inclúe M-c nin FLP.

<sup>25</sup> Este “y-ôn” do M-b, no M-c e en FLP, aparece como “e a un”.

- Non gardal-a<sup>26</sup> mexa – Id.
- Boca rota – Desconsiderado en el hablar.
- Mañá é día de carabullos – Mañana es día de trabajo.
- E, demo, non digas – Y no lo digas dos veces, no lo digas mucho.
- Dal-as boqueadas – Estar expirando<sup>27</sup>.
- Era com’o xoyo – Era pésimo.
- Chover às cuncas – Llover a cántaros.
- Ferver á cachón, ou á callón – Hervir á borbollón<sup>28</sup>.
- Á barullo. Ás cheas. Á pote. Á barrer. Á Dios dar } En abundancia.
- Á afeito – Seguido, sin interrupción, sin dejar nada.
- Está *ardendo á volavento* – Está ardiendo todo, está hecho un volcán.
- Amañar unhas papas – Armar una zancadilla, empapelar o encausar.
- Ter doyo. Ter dolo } Compadecer.
- Ter perda – Escatimar.
- Anda com’o Demo – Anda mal.
- ¡Sabe mais qu’o Demo! – ¡Sabe mucho!
- Fai o que o Demo non fai – Hace cuanto hay que hacer.
- ¡Zumball’o virillo! ¡Roncall’o calleiro! ¡Doill’o ollo } Está o es perfecto, acabado, superior; no hai quien se la empate.
- Furtar a volta – Hacer suertes.
- Regañar o coiro – Estar muy gordo.
- Ter sona – Gozar o alcanzar nombradía.
- Botal-as fervendo – Hablar clara y desnudamente.
- ¡Halle saber á mel! – Ha de agradarle, ó lo contrario.
- Facel-o Outono – Hacer la siembra de Otoño<sup>29</sup>.
- ¡Mau! – Sopla!
- ¡Mau, marela!<sup>30</sup> – Id.
- Feito coma caldo de ladrós – Hecho á prisa.
- Pasal-a gata pol-a nata – Pasar las unas por las otras.
- Cael-a calleira – Dejar de tener familia o hijos.
- Quitar d’o pilanco – Sacar del apuro, librar del peligro.
- Tocal-o pindin. Tocal-o pendengue. Tocal-o zoco } Tomar el pendil.
- A estajo. A eito. A afeito } A porrillo, a tutiplen.
- Andar d’o cacho pr’o poleiro – No pensar más que en comer y dormir.
- Esos son aros pra cribos – Esas son disculpas.
- Eche moito conto – Tiene que le digan.

<sup>26</sup> “Galdal-a” é un erro de M-c que pasa a FLP, pois, en M-b, lese perfectamente “Non gardal-a mexa”. Corrixímolo

<sup>27</sup> M-c corrixe “espirando”, do M-b, por “expirando”, igual que FLP.

<sup>28</sup> En M-b, está riscado “todo hervir” e, por riba, está escrito “borbollón”.

<sup>29</sup> En M-b, antes de “hacer la siembra...”, está escrito “Sembrar los cereales”. Nin en M-c nin en FLP aparece.

<sup>30</sup> Esta é a derradeira das expresións que aparecen no manuscrito en limpo (M-b), que son 12 páxinas numeradas. A partir de aquí, temos que recorrer ao manuscrito en sucio (M-a) para cotexalo con M-c e o publicado por Franco Grande. Este manuscrito en sucio, ás veces, non inclúe os significados (en castelán) e ten unha letra máis difícil e mesmo, en ocasións, ilexíbel.

- N-a miña vida – Exclamación de asombro.
- Non leva cabeza – No se levanta, no adelanta, no prospera.
- Non quedou can tras palleiro – Quedaron las casas vacías.
- D'ese pau teño eu unha gaita – Algo de eso me pasa a mi.
- De sufacto. Sufautamente } De pronto, de improviso.
- Botar auga os pitos cando chove – Hacer lo inoportuno o innecesario.
- Tel-o demo n-o corpo – Ser dado o propenso a travesuras.
- Roel-o chito – Tascar el freno.
- Comel-as papas n-a cabeza – Ser mas alto.
- Ter vagar – Disponer de tiempo.
- Pingal-o moco – Llorar.
- Nin arre nin xo – No adelanta ni atrasa; ni va ni viene<sup>31</sup>.
- Tel-a n-o corpo – Estar ofendido, o prevenido<sup>32</sup>.
- Tel-a melixe. Tél-o peco } Estar de mal pelo por hambre o enfermedad.
- Estar torto – Andar enfurruñado.
- Andar torto – Estar desganado.
- Está ceguiña. Está ceguiña de todo } No tiene malicia, no está maleada, está enamorada perdidamente.
- As casas da Cruña – Montes y morenas.
- Diante Diol-o vexa – Dios se lo pague.
- Cagal-o demo n-o camiño – Se le volvió la hoja.
- A fozar – En abundancia.
- Troque a troque – Taz á taz<sup>33</sup>, pelo a pelo.
- ¡Fó! – Asco me da, ¡Uf!
- ¡De Dios! – ¡Auxilio!
- ¡Tel-as boas! – Estás aviado.
- Ser de malas ancas – Tener malas pulgas.
- Inda hay que leirar – Aun falta mucho.
- Botar unha mau – Dar una ayuda.
- En dous verbos – En dos palabras.
- Andar carto a carto – Regatear.
- Nunca palla nin gra lle din – Nunca con el he hablado<sup>34</sup>.
- Nunca soupen onde colga o pote – Nunca me ha dado nada<sup>35</sup>.
- Hay landeira – Buena la hemos hecho<sup>36</sup>.
- Hayche festa – Hay que hacer.
- Levantar de cargumes – Irse con la música a otra parte.
- Agardal-a mau – Dejarse querer.
- Atrancal-as caillas – Tomar o cerrar todas las salidas.

<sup>31</sup> “Ni va ni viene” engadiuse en M-c, pois, en M-a, non aparece.

<sup>32</sup> Esta última palabra en M-a está difícil de ler.

<sup>33</sup> En canto que en M-a se le “taz á taz”, no mecanoscrito M-c aparece, erradamente, “tar a tar, pelo a pelo”, igual que en FLP. Corrixímolo.

<sup>34</sup> En M-a, debaixo de “hablado”, aparece riscado “tenido relación”.

<sup>35</sup> En M-a, antes desta explicación, aparece riscado “Nada tengo que agradecerle” mais dúas palabras ilexíbeis.

<sup>36</sup> Dános a impresión de que, en M-a, pon “Buena la tenemos o la hay”.

- Hastr'as tres vai a loita – A las tres va la vencida.
- Chegar e encher – Llegar y besar el santo.
- Vel-as orellas – Conocer las intenciones.
- Deixal-o prebe com'as costureiras – Es muy cumplido o ceremonioso.
- Andar ôs tirapelos – Andar a la greña.
- Sabel-o tempero – Entenderlo.
- Todo é chau – No hay dificultades.
- Facel-o ato – Aviarse, despachar.
- Veñ'o pan<sup>37</sup> as espigas – Haya buena cosecha.
- Non fai o demo bogada en qu' él non meta camisa – En todo se mete, a todas partes llega.
- Está coma un buxo – Está sano y fuerte.
- Non é díxome díxome – No es cuento, no hablo por referencias, me consta de ciencia propia.
- Sopetea qu'hay prebe, hom – Ayúdate, que hay ocasión.
- Sabe com'o rabo d-o can – Amarga.
- Mollal-a palleta. Botar un groucho<sup>38</sup> } Echar o beber un trago.
- Vai coma un can. Vai coma un cura } Va bien comido, va harto.
- Facer chatolas – Trinar.
- E com'os chitos – Es cínico, sin verguenza.
- Está com'o can sin alma – Sin aprensión, sin ansia.
- Parecía que se ceibara o demo – Había un ruido infernal.
- Está coma un cocho – Está gordo, está rico.
- Está com'o hovo – Está lleno, sobrado de todo.
- Ser un mama n-a cocha – Ser sucio.
- Vai como n-unha boda sin caldo – Vamos o estamos mal.
- Com'as galiñas. Com'as gatas } Es ardiente, es deshonesto.
- Com'as cabras – Ladrón.
- Comel-o caldo a merenda – Pasar estrecheces en casa y no tener orden ni gobierno.
- Vai torto coma un fouciño<sup>39</sup> – Va descontento, va contrariado.
- Andar ou ir en pes de lá – Andar o ir en puntillas.
- Subirs'os touciños – Levantarse, propasarse o subirse a mayores.
- Quedar â paya – Quedar solo.
- Deixar â paya – Dejar solo.
- Andar de questa. Andar a questa } Andar a la que salta.
- A baldros ou a baltros – A saltos.

<sup>37</sup> Franco Grande publica (FLP) “veña pau”, mais, en M-a, lemos “veñ'o pan”. Corrixímolos.

<sup>38</sup> En M-c e FLP, vemos “groncho” por “groucho”. Isto, sen dúbida, é debido a que, en M-a, non fica claro se di “groncho” ou “groucho”, mais o curioso é que Franco Grande, no seu libro, na parte titulada “Vocabulario enviado por Leiras Pulpeiro á Academia Galega”, inclúe a forma “groucho”, como, efectivamente, recollen diferentes dicionarios xa desde o de Marcial Valladares. Corrixímolos por tanto.

<sup>39</sup> Debaixo de “Vai torto coma un fouciño”, aparece, en M-a, entre parénteses, “coma un vincallo”. M-c e FLP non o recollen.

- N'é milagre<sup>40</sup> – Es natural.
- Achayal-os cotos – Enderezar o desfacer entuertos.
- ¡Naceu oxe! – Se salvó de milagro.
- Lambel-o cu – Adular.
- Ser bon pr'o seu cu – Ser egoísta.
- Quedar o ramo arrimado – No haber quien se encargue de una fiesta.
- Ir ou vir bulindo – Ir o venir de buena gana y pronto.
- Este ovo asado vai. Este pito asado vai } Este pajaro volo.
- Este paxaro piou – Este ya murió.
- Ser d'a casta d'o demo – Ser de la piel del diablo.
- Pol-a boa – Por buenas.
- Vir ô rego – Encarrilarse, volver al buen camino.
- ¡Us! largo de ahí – ¡Fuera de ahí!
- Ser levantado de mau – Ser ligero.
- Facel-a zangalla mangalla – Buscar pretextos o rodeos para dejar de hacer alguna cosa, andar remolón. Hacer cháncharas mancharas.
- Danzal-a deda – Andar deshonesto.
- Apertal-as caguñas – Hacer un esfuerzo, aguantar o revestirse de paciencia.
- Maña<sup>41</sup> leva – Ya lo creo; por supuesto.
- Dios te crie pra boa fada – Dios te de suerte.
- Coma un xaspe – Como un palmito.
- Xugar o pulso – Pulsar.
- Pra semana d'os dous xoves – La semana que no haya viernes.
- Tel-o seu fondo – Tener suelo.
- Quedar n-a correa – Quedar zapatero.
- Quencel-a buxa – Entrar en el celo, ponerse deshonesto.
- Encher de palla seca (a alguno) – Cantarle las verdades. Decirle las del barquero.
- Morr'o conto – No se hable más de ello.
- Probe misere<sup>42</sup> – Pobre esgnízaro.
- Facers'o morto – Hacer la mortecina.
- Pagal-a maragota – Pagar el pato.
- Non todol-os martes son días d'antroido – No hay orejas para cada martes.
- Ô brazo colo y â perna cama – La pierna en el lecho y el brazo en el pecho.
- Vir a xeito – Venir de perlas.
- A xeito – De perlas.
- Meter un pucho<sup>43</sup> – Pegar un petardo.

<sup>40</sup> No M-a, lemos “n'é milagre”, mais, no texto mecanografado M-c, aparece corrixido a bolígrafo por “Non é milagre”, como aparece en FLP. Corrixímolo.

<sup>41</sup> En M-c non se le ben o que está escrito, pois aparece retocada a letra a bolígrafo. De aí pasa a FLP como “maila leva”. Mais, se buscamos en M-a, vemos que aparece repetido tres veces con claridade “maña leva”. Dúas veces traducido como “Ya lo creo” e a terceira, como “Por supuesto”. É un caso raro porque parece que tería que ser “madía leva” ou “madia leva”.

<sup>42</sup> No M-c e en FLP, non se acentúa “misere”, mais si no M-a.

<sup>43</sup> En M-a, debaixo de “pucho”, lemos a palabra “pufo”.

- Pical-o muiño – Picar la piedra.
- Unha do revés – Torniscón.
- Facel-a rosca – Hacer la zalá.
- Salir d'un souto e meterse n-outro – Huir del fuego y dar en las brasas; salir de lodazales y entrar en cenagales.
- Á mau tenta – De intento.
- Canta máis prisa máis vagar – A mas prisa mas vagar.
- Andar ou estar de gamberna ou gamberna. Andar de gandaina } Andar á la gandaya.
- Estar un â osma – Estar uno al humo.
- Irse ô son da xente. Irse ô son dos máis } Irse al hilo o tras el hilo de la gente.
- N-un Jesus – En un periquete.
- Lardo vivo – Carne viva.
- Âs vinte uñas – A gatas.
- Facel-a macancona. Facel-a manguanga } Hacer la zanguanga.
- Pouco mal e ben xemido – Poco mal y bien quejado.
- Máis val algo que nada – A falta de pan buenas son tortas.
- Ser picado d'o allo – Ser susceptible, irritable.
- Descubrir un altar pra cubrir outro – Hacer un hoyo para tapar otro.
- Nin dado nin gracias – Ni grado ni gracias.
- Figura de bastos – Figura de tapiz.
- Traer á rego – Traer a uno a la melena.
- Vir á rego – Entrar en razón<sup>44</sup>.
- A pufo – A ufo, de mogollón, de gorra.
- Sin mais nin mais – Sin más ni más.
- Levantal-a espinilla. Erguel-o calleiro. Chegal-o calleiro } Dar una grave pesadumbre o decir palabras de sentimiento.
- Salir d'o cosco – Salir del cascarón.
- Cú de galiña – Culo de pollo.
- Dar á un por donde lle doy – Dar a uno por donde peca.
- Meu dito meu feito – Dicho y hecho.
- Abofé – A buena fe, ciertamente, de seguro, sin duda
- Á boa fê – Á la buena fe, con ingenuidad y sencillez; sin dolo ni malicia.
- Coma un rigulete – Como un gerifalte.
- Díxomo un paxariño – Lo ha dicho el escardillo.
- Donde hay lume hay fume – Donde fuego se hace humo sale.
- Apeal-o muiño – Perder el apetito, dejar de comer.
- Caer n-a grade<sup>45</sup>. Caer n-a trapela – Caer en el garlito.
- De vello gaitero – De viejo verde.
- Non hay rixidoira – Falta formalidad.
- Poñerse n-unha cousa – Empeñarse, proponerse.
- Está qu'agancha – Está furioso.
- N-o tempera o demo – Es insoportable, no lo entiende ni complace nadie.

<sup>44</sup> En M-a, aparece, despois de “razón”, un signo de interrogación entre paréntesis.

<sup>45</sup> En M-c e en FLP, lemos “grada”, mais en M-a, cremos que pon “grade”.



### 3. Referencias bibliográficas

#### 3.1. Fontes primarias

- A Monteiro = (1889-1890). *A Monteiro. Somanario de intreses rexionales e literatura*.
- ABSF = Aleixandre, M. (1999). *A banda sen futuro*. Xerais.
- ACDS = Cunqueiro, Á. (1980). *As crónicas do sochantre*. Galaxia.
- ACEM = Cunqueiro, Á. (1991). *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente*. Galaxia.
- AECM = Alonso, E. (2001). *Contos do Miño*. La Voz de Galicia.
- AER = Alonso, E. (1991). *Reiciñeira*. Ediciós do Castro.
- AFHNC = Fole, Á. (1981). *Historias que ninguén cre*. Xerais.
- AFLC = Fole, Á. (1979). *Á lus do candil*. Galaxia.
- Algaravía = (Revista).
- AMDA = Lamas Carvajal, V. “A musa das aldeas” en Lamas Carvajal, V. (1998). *Poesía galega. Edición crítica e Introducción de Maria Pilar Garcia Negro*. Ediciós do Castro.
- AMT = Curros Enríquez, M. “Aires da miña terra” en Curros Enríquez, M. (1977). *Aires da miña terra e outros poemas*. Edicións Castrelos.
- APDL = Reigosa, C.G. (1986). *As pucharcas da lembranza*. Xerais.
- ARSA = Alonso Ríos, A. (1979). *O Señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*. Edicións Castrelos.
- ASDA = Blanco Rivas, M. (2004). *A sombra das acacias*. Edicións Laivento.
- BAAE = Blanco Amor, E. (1978). *A esmorga*. Galaxia.
- BDAL = Amor Meilán, M. P. (1997). *Baixo do alpendre e outros relatos*. Xunta de Galicia.
- BIH = Iglesias, B. (2001). *A historia escríbese de noite*. Galaxia.
- BIMO = Iglesias, B. (2016). *Miss Ourense*. Galaxia.
- BRAG = Boletín de la Real Academia Galega.
- CAUO = Carré Aldao, U. (2000). *Obra narrativa en galego*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- CCEL = Correa Calderón, E. “Luar (contos galaicos)” en Díaz Pérez, E. e Bouzas Millán, X. L. (eds.) (1997). *As novelas de Céltiga e Lar*. Antoloxía. Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- CDB = Conto do barqueiro (Vid. BPM, páx. 127).
- CDTC = Rielo Carballo, I. (1980). *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Ediciós do Castro.
- CNMT = Casado Nieto, M. (1970). *Trancos da vida do Braisiño*. Ediciós do Castro.
- CNX = Gayoso Veiga, X. (1973). *Coa nosa xente*. Galaxia.
- Codeseira = Crecente Vega, X. “Codeseira” en Crecente Vega, X. (2002). *Folla Bricia. Poesía galega completa*. (Edición crítica e estudio de Ricardo Polín). Xunta de Galicia.
- Coloquio = Sarmiento, M. (2002). *Coloquio en mil duascenas coplas galegas*. La Voz de Galicia.
- ContosLP = Labarta Pose, E. (1995). *Contos*. Galaxia.

- CORGA = Corpus de Referencia do Galego Actual (Versión 4.0). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.
- CPBS = Campio Pereira, V. (1998). *Baixo o sol do Magreb*. Deputación Provincial de Ourense.
- CPGI = Pérez Ballesteros, J. (1979). *Cancionero popular gallego. Tomo I*. Akal. (Ed. facsimilar)
- CQFC = Ferro Ruibal, X. (1996). *Cada quen fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Real Academia Galega.
- CSR = Conto (Vid. BPM, páx.130).
- CVAM = Cotarelo Valledor, A. “Mourenza” en Cotarelo Valledor, A. (1984). *Teatro histórico e mariñeiro (Hóstia, Beiramar e Mourenza)*. Edicións do Castro.
- CVS = Cunqueiro, Á. (1980). *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Galaxia.
- DCMM = da Costa, M. (2017). *Mire que lle digo. Crónicas dun filósofo tabernario*. Andavira Editora.
- DDNG = Ferro Ruibal, X., Boullón Agrelo, A. I., García Álvarez, X. M., Lema Suárez, X. M. e Tato Plaza, R. (1992). *Diccionario dos nomes galegos*. Ir indo.
- DFDB = Carnero Vázquez, O. *et alii* (2004). *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Deputación Provincial de Lugo e Museo Provincial de Lugo.
- Dicdedic = Diccionario de Dicionarios.
- DLAV = De luns a venres. (2007-2013).
- EET = Navaza, G. (1996). *Erros e Tánatos*. Xerais.
- ELP = El País (xornal).
- EMELS = Lence-Santar, E. (2000). *Etnografía mindoniense*. Follas Novas.
- Entremés = Feixó de Araúxo, G. (1983). *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*. Cuadernos da Escola Dramática Galega.
- FABC = Fandiño, A. B. “A casamenteira” en Mariño Paz, R., Barreiro Fernández, X. R. e Aneiros Díaz, R. (coord.) (2008). *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. I. Consello da Cultura Galega, páxs. 88-106.
- FDT = Cabana, D. X. (1990). *Fortunato de Trasmundi*. Xerais.
- FDV = Faro de Vigo.
- FLP = “FRASES” en Leiras Pulpeiro, M. (1970). *M. Leiras Pulpeiro. Obra completa*. Galaxia. [páxs. 401-415].
- FMEP = Fernández Morales, A. (1861). *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Establecimiento tipográfico de la Viúda e Hijos de Millón.
- Folerpas = Rodríguez González, E. (1894). *Folerpas. (Poesías gallegas)*. Andrés Martínez Salazar.
- FRXN = Ferro Ruibal, X. (2009). *Non hai resposta mellor có amor*. Pío García Edicións.
- FRXP = Ferro Ruibal, X. (1992). *Os papiros do Medulio*. Ir Indo Edicións.
- FVA = Filgueira Valverde, X. “Agromar” en Filgueira Valverde, X. (2015). *O Vigairo. A monxa-frade. Agromar. Aucto de Santa María*. Galaxia.
- FVAMF = Filgueira Valverde, X. “A monxa frade” en Filgueira Valverde, X. (2015). *O Vigairo. A monxa-frade. Agromar. Aucto de Santa María*. Galaxia.
- GBCT = García Barros, M. (1999). *Contiños da Terra*. Xerais.

- GBEN= García Barros, M. (2000). *Enredos*. Galaxia.
- GBFM = Graña, B. (1996). *Fins do mundo*. Xerais.
- GES = Cabana, D. X. (2006). *Galván en Saor*. Xerais.
- GMJLC = Graña Muíño, J. L. (1995). *Cerdido: Lingua e outras realidades*. Edición do autor.
- GOMV = Guede Oliva, M. (1988). *Visperas de Claudia*. Xerais.
- Grial = Grial. Revista galega de cultura.
- HDC = Sevillano, Á. (1979). *Historias do canizo*. Galaxia.
- HDTDC = Reigosa, C. G. (1982). *Homes de Tras da Corda*. Xerais.
- IACAV = Iglesia Alvariño, A. “Corazón ao vento” en Iglesia Alvariño, A. (1986). *Poesía galega completa*. Xerais.
- IACO = Plauto, T. M. (1962). *A comedia da oliña*. Tradución de Aquilino Iglesia Alvariño. Galaxia.
- IADD = Iglesia Alvariño, A. “De día a día” en Iglesia Alvariño, A. (1986). *Poesía galega completa*. Xerais.
- IANE = Iglesia Alvariño, A. “Nenias” en Iglesia Alvariño, A. (1986). *Poesía galega completa*. Xerais.
- IGFF = de la Iglesia González, F. M. (1991). *A fonte do xuramento*. El Correo Gallego.
- Irimia = Irimia. Revista Mensual de Crentes Galegos.
- LCMR = Aristófanes (1997). *Lisítrata ou cando as mulleres reviraron*. Versión de Eduardo Alonso e Manuel Guede Oliva. IGAEM.
- LCVPG = Lamas Carvajal, V. (1998). *Poesía galega. Edición crítica e Introducción de María Pilar García Negro*. Edicións do Castro.
- LFAC = López Ferreiro, A. (1992). *O castelo de Pambre*. Diario 16 de Galicia. [Edición facsimilar].
- LFAT = López Ferreiro, A. (1985). *A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestórea de Compostela no século XVI*. Andrés Martínez, Editor.
- LJMC = López, J. M. (1928). *Contos de polavila*. Imp. de la Escuela Industrial de Jóvenes.
- LMXA = Lesta Meis, X. (1982). *Abellas de ouro*. Xerais.
- LMXE = Lesta Meis, X. (1981). *Estebo*. Xerais.
- LPCG = Leiras Pulpeiro, M. (1911). *Cantares gallegos*. Imprenta H. Mancebo.
- LPOC = Leiras Pulpeiro, M. (1983). *Obras completas. Estudio, edición e notas por Xesús Alonso Montero*. Edicións Sálvora.
- LPEDC = Rielo Carballo, N. (1976). *Escolma de Carballedo*. Edicións Castrelos.
- LPMCP = Cantares populares enviados por Manuel Leiras á RAG (BRAG, 1-I-1913, páx. 200-205).
- LRSC = Lueiro Rey, M. (2002). *O sol na crista do galo*. La Voz de Galicia.
- LSPG = Lence-Santar, E. (1999). *Poesía galega*. Difux SL.
- LSXMC = Lema Suárez, X. M. (2013). *Costa do solpor*. Edicións Xerais.
- LVG = La Voz de Galicia.
- MDC = Alonso, F. (2001). *Males de cabeza*. Xerais.
- MDR = Cabana, D. X. (1996). *Morte de rei*. Xerais.
- MEF = Cunqueiro, Á. (1976). *Merlín e familia*. Galaxia.

- MFA = Méndez Ferrín, X. L. (1991). *Arraianos*. Xerais.
- MFBE = Méndez Ferrín, X. L. (1987). *Bretaña, Esmeraldina*. Xerais.
- MMLAL = Moure Mariño, L. (1980). *Arredor da lareira (Contos e cavilacións)*. Edicións do Castro.
- MMLGP = Moure Mariño, L. (1992). *A Galicia prodixiosa. As ánimas, as bruxas, o demo*. Xunta de Galicia.
- MMOTP = Manuel María. “Odes nun tempo de paz e de alegría” en Manuel María (2001). *Obra poética completa I (1950-1979)*. Espiral Maior.
- MST = Miranda, X. (1998). *Morning Star*. Xerais.
- MVNM = Valladares, M. (2011). *Majina, ou a filla espúrea*. Sotelo Blanco.
- MXD = de Masma, X. (1993). *¡A besta!* Galaxia.
- Nimbos = Díaz Castro, X. M. “Nimbos” en Díaz Castro, X. M. (2014). *Poesía galega completa*. Galaxia.
- Nós Diario = Nós Diario. Xornal de intereses galegos.
- NSE = Ameixide, P. (2013). *Nada se esquece*. Edicións Redelibros.
- NVAE = Noriega Varela, A. “Do ermo” en Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*. Vol. I. Servicio de Publicaciones Diputación Provincial de Lugo.
- NVAM = Noriega Varela, A. “Montañasas” en Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*. Vol. I. Servicio de Publicaciones Diputación Provincial [de Lugo].
- NVAOCII = Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, Vol. II. Servicio de Publicacións da Deputación provincial [de Lugo].
- NVLAR = Neira Vilas, X. “Lar” en Neira Vilas, X. (1993). *Charamuscas*. Galaxia.
- NVNAI = Neira Vilas, X. “Nai” en Neira Vilas, X. (1993). *Charamuscas*. Galaxia.
- OCAZ = Alfaya, A. (1996). *O caderno azul*. Xerais.
- OCERG = Rodríguez González, E. (1927). *Oracións campesiñas (Versos Galegos)*. Litografía e imprenta Roel.
- OCG = O Correo Galego.
- OCNT = Cabana, D. X. (1994). *O cervo na torre*. Xerais.
- OPOM = Otero Pedrayo, R. (1974). *O maroutallo*. Edicións Castrelos.
- OQTE = O que ten eiba sempre lle reina (Vid. BPM, páx. 128).
- ORDA = Rodríguez Baixeras, A. (1987). *O rei dos ameneiros*. Xerais.
- OSR = Santiago, S. (1976). *O silencio redimido*. Galaxia.
- OVOF = Vázquez Pintor, X. (1996). *Os vellos oficios*. Xerais.
- PACH = Carballo, X. M. (1981). *Parábolas chairegas*. Edicións Castrelos.
- PFAP = Añón Paz, F. (1989). *Poesía en galego*. Edición preparada por Fernando Bel Ortega. Publicacións Sementeira.
- PGM = Piñeiro Groba, M. (1947). *Soaces d’un abade*. Pontearcas.
- PNL = Moreiras, E. (1974). *Primaveira no Lor*. Galaxia.
- POEX = Noriega Varela, A. “Poemas expurgados” en Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*. Vol. I. Servicio de Publicaciones Diputación Provincial [de Lugo].

- PPX = Montaña, E. (1994). *Pancarta para Xulia*. Nigra.
- PVAGG = Pintos, X. M. (2002). *A gaita gallega*. Xerais.
- PXCV = Crecente Vega, X. “Poesía inédita” en Crecente Vega, X. (2002). *Folla Bricia. Poesía galega completa*. (Edición crítica e estudo de Ricardo Polín). Xunta de Galicia.
- QFV = Vázquez Pintor, X. (2000). *Quen faga voar*. Laivento.
- QXE = Queipo, X. (2011). *Extramunde*. Xerais.
- RAMPM = Golpe, S. [Co pseudónimo de Pedro de Merille] (1906). *Refraneiro agrícola-meteorolóxico*. Imprenta Tierra Gallega.
- RCAD = Ribalta y Copete, A. “O derradeiro amore” en Ribalta y Copete, A. (2000). *Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*. Edición de M<sup>a</sup> Eulalia Agrelo Costas. Xunta de Galicia.
- RCCB = Riveiro Coello, A. (2005). *Casas baratas*. Galaxia.
- RCCousas = Rodríguez Castelao, A. D. “Cousas”, en Rodríguez Castelao, A. D. (1975). *Obra completa I. Narrativa e Teatro*. Akal Editor.
- RCODS = Rodríguez Castelao, A. D. “Os dous de sempre” en Rodríguez Castelao, A. D. (2006). *Obras I*. Galaxia.
- RdCC = Castro, R. de (2004). “Conto gallego” en Castro, R. de (2004). *Obra completa*. Fundación Rosalía de Castro.
- RdCCG = Castro, R. de (2013). *Cantares gallegos*. Edicións Xerais.
- RLP = “FRASES, ADIVINANZAS, ADAGIOS Y CANTARES” en Leiras Pulpeiro, M. (1970). *M. Leiras Pulpeiro. Obra completa*. Galaxia [páxs. 373-399].
- RLXC = Rodríguez López, X. “O chufón” en Herrero, A. e Marco, A. (1988). *O teatro de Xesús Rodríguez López*. Edicións do Castro.
- Rmariñeiros = Neira Vilas, X. (2003). *Relatos mariñeiros*. Xerais.
- RQEPS = Rivas Quintas, E. (1999). *Pan, sega e malla. Medidas*. Grafodos Editorial.
- RTMR = Rodríguez Troncoso, M. (1996). *Raíces rurais*. Edicións do Castro.
- SEEI = Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía. A Nosa Terra.
- SSO = Sende, S. (2004). *Orixé*. Galaxia.
- TBAD = Tovar Bobillo, A. (2001). *Diario íntimo dun vello revoltado*. Galaxia.
- TFSC = Torres, S. (2008). *As tres columnas. Crónica sentimental da Moureira das putas*. Galaxia.
- TILG = Tesouro informatizado da Lingua galega (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da lingua galega.
- TNQ = “A tertulia na Quintana” en Mariño Paz, R., Barreiro Fernández, X. R. e Aneiros Díaz, R. (coord.) (2008). *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. I. Consello da Cultura Galega, páxs. 186-198.
- TXAMA = Torres, X. (1989). *Adiós María*. Galaxia.
- VBMF = Varela Buxán, M. D. “O ferreiro de Santán” en Varela Buxán, M. D. (1975). *O ferreiro de Santán. Taberna sin dono*. Ediciones Celta.
- VDE = Dieste, R. (1971). *A vontade de estilo na fala popular. Discurso lido o día 18 de abril de 1970 na súa recepción pública, por Rafael Dieste*. Edicións do Castro.
- Vilardevós = Santiago, S. (1982). *Vilardevós*. Galaxia.

- VLP = Pérez Pascual, I. e Tato García, C. “O vocabulario De Leiras Pulpeiro (I)” en *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, vol. 13, 1986 [237-267].
- VRDCQ = Risco, V. “Do caso lle aconteceu ó Dr. Alveiros” en Risco, V. (1982). *O porco de pé e outras narracións*. Galaxia.
- VRLeira = Risco, V. (1970). *Leria*. Galaxia.
- VROPP = Risco, V. “O porco de pé” en Risco, V. (1982). *O porco de pé e outras narracións*. Galaxia.
- VTDA = Taibo, V. (1956). *Da agra aberta. Contos e lendas*. Gráficas Numen.
- VVOT = Vergara Vilariño, F. “Orfo de ti en terra adentro” en Rodríguez Yáñez, Y. (2012). *A peito descuberto: Análise e edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño*. Asociación Cultural Xermolos / Irmandade Manuel María.
- VVPQ = Vergara Vilariño, F. (2023). *¿Por qué Deus faría a néboa? Narrativa reunida*. Galaxia.
- XDG = Xornal de Galicia.
- XDNA = Docampo, X. (2018). *A nena do abrigo de astracán*. Xerais.
- XDOPA = Docampo, X. (2012). *O país adormentado*. Xerais.

### 3.2. Fontes secundarias

- AFG = López Taboada, C. e Soto Arias, M. R. (1995). *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova.
- Barros Justo, R. (2013). *Vocabulario ilustrado da Terra de Cotobade. Inclui locuções e fraseología*. Tórculo Comunicación Gráfica SA.
- BPM = Reimunde, R. (1998). *Ben pode Mondoñedo desde agora. A esencia popular na obra e na lingua de Manuel Leiras Pulpeiro*. Fundación Caixa Galicia.
- Carballo Calero, R. (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*. Galaxia.
- Carré Alvarellos, L. (1981). *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. (6ª edición).
- Cortizo Amaro, J. L. (1998). *O ghallego dos sete lughares. O ghallego que se falaba, e inda se fala, nos lughares de Rubillón, Taboazas, Liñares, Baíste, Penedo, Couso e Acebedo (concello de Avión, Ourense)*. Edición do autor.
- DEGC = Rodríguez González, E. (1958-1961). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia.  
Dicionário Estraviz (Diccionario en liña).
- DMVN = Valladares Núñez, M. (1884). *Diccionario Gallego-castellano*. Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- DOLG = Xove Ferreiro, X. (dir.) (1995). *Diccionario da lingua galega*. Obradoiro / Santillana.
- González Reboredo, X. M. “Recuperación de las respuestas perdidas de Mondoñedo a la *Información* del Ateneo de Madrid (1901-1902)” en *Anales del Museo Nacional de Antropología*, XV, 2013 [239-279].
- GVGH = García, C. (1985). *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*.  
Lanza Álvares, F. “Falan os de Ribadeo (Notas folklóricas e leisico-gráficas recollidas n-ista vila)”, *Nós*, X/114, 1933; X/116, 1933; X/118, 1933.

- Leiras Pulpeiro, M. (1998). *Costumes antigos en Galiza*. Versión ao galego e edición de Ramón Reimunde. Reimunde S.A.T.
- Leiras Pulpeiro, M. (1970). *Manuel Leiras Pulpeiro. Obra completa*. [Estudo crítico de X. L. Franco Grande]. Galaxia.
- Leiras Pulpeiro, M. (1930). *Obras completas*. Tomo I (Poesías). “Nós” Publicacións Galegas e Imprenta.
- Leiras Pulpeiro, M. (1984). *Poesía galega completa*. Estudo preliminar, edizón e notas de Ramón Reimunde Noreña. Sotelo Blanco Ediciones.
- Leiras Pulpeiro, M. “VOCABULARIO” en Leiras Pulpeiro, M. (1970). *M. Leiras Pulpeiro. Obra completa*. Galaxia [páxs. 423-453].
- NV = Noriega Varela, A. “Como falan os brañegos” en Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*. Vol. II. Servicio de Publicaciones Diputación Provincial [de Lugo].
- NV2 = Noriega Varela, A. “Como falan os brañegos. Serie II” en Freixeiro Mato, X. R. (1994). *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa*, Vol. II. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial [de Lugo].
- Requeixo, A. (1994). “Sobre fraseoloxía galega: algunhas mostras da área mindoniense”, *Cadernos de lingua* 9. páxs. 89-110.
- Rivas Quintas, E. (2001). *Frapas*. Grafodos Editorial.
- Saco y Arce, J. A. (1967). *Gramática Gallega*. Gráficas Tanco. (2ª edición).
- Santamarina [Fernández], A. (1975). “El adverbio gallego. Estudio basado en el habla del Valle del Suarna (Fonsagrada, Lugo)”, *Verba* 2. Universidade de Santiago de Compostela.
- Valladares Núñez, M. (1970). *Elementos de Gramática gallega*. Galaxia.
- Veiga Díaz, M. (1996). “Pequena contribución á fraseoloxía galega” en *Cadernos de lingua* 14. Real Academia Galega.
- VROC3 = Risco, V. (1994). *Obras completas 3. Etnografía*. Galaxia.
- VSJP = Otero, A. (1997). *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Anexo 8 de *Verba*. Universidade de Santiago.





**Recensións**  
**Reviews**



**KOESTERS GENSINI, Sabine E. e BERARDINI Andrea (Eds.) (2020): *Si dice in molti modi. Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino. Tomo I.* Roma: Sapienza Università Editrice. ISBN 978-88-9377-169-6; 382 páxs<sup>1</sup>.**



A obra *Si dice in molti modi: Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino*, publicada pola editorial Sapienza Università Editrice en 2020 e dirixida por Sabine Elisabeth Koesters Gensini mais por Andrea Berardini, conta con dous volumes; o primeiro é o obxecto da presente recensión.



Este volume un subdivídese en tres partes: a primeira componse dos capítulos 1 e 2; a segunda vai do 3 ao 6 e a terceira, do 7 ao 10. Canto á temática, o libro céntrase na recollida, na análise e na tradución das unidades fraseolóxicas recollidas no *Visconte dimezzato* de Italo Calvino e tamén na presentación de CREAMY (*Calvino REpertoire for the Analysis of Multilingual Phraseology*), unha aplicación web

que, dada a complexidade do proceso interpretativo da fraseoloxía e das técnicas de tradución, facilita a investigación fraseolóxica multilingüe.

No primeiro capítulo, titulado «*La fraseologia multilingue tra linguistica contrastiva e traduttologia*» e da autoría de Sabine E. Koesters Gensini, ilústrase o estado actual da investigación en fraseoloxía, empezando polas definicións que permiten recoñecer e comprender as unidades fraseolóxicas. Dada a especificidade da materia, a autora explica o concepto mais as principais características da expresión *polirematica* a partir da definición de Tullio De Mauro «*qualsiasi combinazione di parole o morfemi lessicali in cui sia presente un elemento di agglutinazione semantica e/o strutturale fra i costituenti lessicali*». Ademais, o capítulo introduce o último en fraseoloxía multilingüe, en lingüística contrastiva e en tradutoloxía, disciplinas que inflúen na creación de CREAMY.

A lingüística contrastiva ten a súa orixe no estruturalismo estadounidense, na segunda metade do século XX, e ocúpase da identificación de semellanzas e, sobre todo, de diferenzas entre dous ou máis sistemas lingüísticos pertencentes a un mesmo momento histórico. A tradutoloxía, pola súa banda, ocúpase tanto do proceso ao que se somete un texto na lingua de partida para chegar ao mesmo pero na lingua meta como do produto da tradución en relación co texto orixinal. Entre as dúas ramas lingüísticas, sitúase, precisamente, a investigación CREAMY. O obxectivo xeral da súa primeira fase (de 2016 a 2018) consiste, por un lado, na lectura e na análise intralingüística da fraseoloxía das obras en prosa de Italo Calvino e, por outro, na extracción sistemática dos seus equivalentes e na súa posterior análise intralingüística en diferentes linguas. A comparación intralingüística levouse a cabo a partir de usos fraseolóxicos concretos en italiano, tanto desde o punto de vista do significante como do significado, mentres que a comparación interlingüística permitiu captar unha ampla gama de matices tanto en italiano como noutras linguas.

<sup>1</sup> Tradución ao galego de Andrea Ucha Bouzada.

O segundo capítulo titúlase «*CREAMY (Calvino REpertoire for the Analysis of Multilingual Phraseology): l'ideazione di un'applicazione web per la ricerca fraseologica multilingüe*» e escribírono Paolo Bottoni, Sabine E. Koesters Gensini e Filippo Mazzei. A autoría presenta nel o seu traballo sobre a concepción e realización da aplicación web CREAMY partindo da necesidade de comparar e de conciliar as cuestións lingüísticas coas consideracións informáticas. Esta aplicación creouse no marco dun proxecto de investigación interdisciplinar dirixido por Sabine E. Koesters Gensini (Sapienza Università di Roma) que se titula *Comparing idiomatic language use: Italo Calvino's phraseology in Romance, Germanic and Slavic languages*. CREAMY é o nome convencional que se lle conferiu e deseñárona Paolo Bottoni (coa colaboración de Filippo Mazzei) e Sabine E. Koesters Gensini para o traballo de arquivo e de análise das unidades fraseolóxicas.

O capítulo explica a estrutura e as funcións da antedita aplicación, tanto desde o punto de vista lingüístico como do informático: a idea é ofrecer un soporte informático que permita recompilar unidades fraseolóxicas italianas xunto cos seus equivalentes noutras linguas e, ao mesmo tempo, poder consultar esa información de maneira simple e intuitiva. Desde o punto de vista lingüístico, o uso de certas unidades fraseolóxicas nunha dada obra literaria caracteriza o estilo da correspondente autoría e, xa que logo, require dunha atención específica por parte de quen lea esa obra e mais pola de quen a traduza. Desde o punto de vista informático, as bases de datos teñen como obxectivo a construción de sistemas cerrados que posibiliten traducións automáticas. Cada unidade fraseolóxica descríbese segundo uns parámetros específicos: a forma lematizada, a páxina na que aparece, o contexto, o significado textual, a tipoloxía, o tipo de significado, a categoría léxica, a composición estrutural, o valor sociolingüístico, o valor de uso, o campo semántico, os constituíntes léxicos, o nome do dicionario, a descrición integral, o número de acepción, a marca de uso, a lematización diferente e as notas. Por último, inclúese a columna «*equivalenza*», onde se especifica a relación que existe entre a unidade fraseolóxica do texto principal mais o seu equivalente.

A segunda parte do volume, «*Lingua e traduzioni di Italo Calvino*», comeza co terceiro capítulo da obra, titulado «*Calvino qui e altrove: il caso del Visconte*» e elaborado por Laura Di Nicola e por Francesca Rubini. Ilustra o «*cosmopolitismo culturale, esistenziale e geografico di Calvino*». *Calvino qui e altrove* constitúe un proxecto lanzado en 2015 pola Sapienza Università di Roma que promove o estudo da obra de Italo Calvino en Italia e en todo o mundo.

En xuño de 2018, creouse o Laboratorio Calvino, un centro de investigación dependente do Dipartimento di Lettere e Culture dirixido por Giovanni Solimine, por Laura Di Nicola e, pouco antes do seu falecemento, por Esther Calvino que agora goza co apoio de Giovanna Calvino e cuxa misión é materializar as actividades arredor do mencionado proxecto *Calvino qui e altrove*. Máis concretamente, trátase dun centro interdepartamental dedicado á memoria dun dos maiores clásicos da Europa do século XX que se pretende converter en lugar privilexiado desde o que contribuir ao desenvolvemento dos estudos sobre as obras de Calvino, cun labor de coordinación tanto nacional como internacional e promovendo

a lectura non só das edicións italianas, senón tamén daquelas estranxeiras procedentes da biblioteca persoal do autor ata 1985. A obra obxecto da investigación publicouse en 1952 en *I Gettoni*, colección de ficción da editorial Giulio Einaudi Editore dirixida por Elio Vittorini. Italo Calvino tiña 28 anos cando escribiu *Il Visconte dimezzato* e, a pesar de que el non quixera publicar esta obra, foi acollida positivamente pola crítica (de Emilio Cecchi Carlo Bo) e polo público italiano en xeral; de feito, tres anos máis tarde, lograría unha gran difusión no estranxeiro e traduciríase a 38 idiomas. Nunha perspectiva diacrónica, o número de edicións dispónse cunha tendencia crecente que se consolida nos anos posteriores á súa morte e, ata a actualidade, posúe unha centena de edicións estranxeiras.

No cuarto capítulo, titulado «*C'era una guerra contro i turchi... La lingua del Visconte dimezzato tra stile favolistico, evocazioni epico-cavalleresche ed elementi dialettal-colloquial-popolari*», Maria Carosella ofrece un recoñecemento global da «polimorfía» lingüística do *Visconte*, que vai desde as referencias á tradición do conto e da fantasía ata as referencias á tradición do poema épico-cabaleiresco, sen descoidar os elementos dialectais e coloquiais. En particular, Carosella explora a densa rede de correspondencias que vinculan o *Visconte* co *Orlando furioso* de Ariosto, que Calvino utiliza como modelo, para pasar despois a un recoñecemento preciso dos antropónimos e dos topónimos presentes na novela.

Calvino mestura, de xeito admirable, o estilo da fábula coa evocación de poemas épico-cabaleirescos. Do *Orlando furioso* retoma as escenas de batalla mais os excursos descritivos, as formas léxicas obsoletas, os trazos lingüísticos do seu autor e os nomes nobremente antigos (Medardo; Aiolfo...). Alén diso, no *Visconte*, hai matices de dialectalidade do norte de Italia, de coloquialidade e de popularidade, tanto no que ten a ver coas formas léxicas como coas expresións idiomáticas e coas metáforas.

O quinto capítulo, «*La fraseologia calviniana nel Visconte dimezzato (1952)*», de Michela Piattelli, achéganos ao tema central do estudo que recolle o libro; a autora ilustra os criterios segundo os cales se identificaron 790 expresións idiomáticas no texto italiano do *Visconte* e describe as categorías utilizadas no CREAMY para as catalogar. Tal análise fraseolóxica realizouse entre 2018 e 2019 e, se ben se centra no italiano, tamén trata os equivalentes noutras linguas e permite identificar novas unidades fraseolóxicas na lingua orixinal.

No traballo de Piattelli, descríbense os criterios de identificación e, aínda, de ordenación interna na táboa de clasificación CREAMY. A este propósito, examínanse as entradas pertencentes ás categorías de clasificación relativas aos aspectos semánticos e sintácticos das unidades fraseolóxicas e, á parte diso, ilústranse as razóns que levaron á súa identificación mais os criterios de asignación das expresións illadas no texto. Por último, discútense os resultados do estudo e esbózanse algunhas posibilidades de investigación futura.

A terceira parte do libro, «*Descrivere e analizzare la fraseologia con CREAMY: il caso del Visconte dimezzato di Italo Calvino*», presenta os resultados da comparación entre as referidas 790 expresións *polirematiche* xunto das súas traducións en doce linguas

diferentes. As contribucións individuais seguen unha estrutura única, comezan pola presentación das características morfosintácticas e léxicas máis relevantes da lingua examinada para pasaren, despois, a un recoñecemento das unidades fraseolóxicas nos distintos ámbitos lingüísticos e chegaren, finalmente, a unhas análises cuantitativa e cualitativa dos equivalentes das expresións italianas.

